



*Contos de
medo no
museo*

Relatos do Museo Provincial de Lugo

Contos mea

2ª edición: maio de 2009

© dos textos:

Marilar Aleixandre
Fina Casalderrey
Xosé A. Neira Cruz
Antonio Reigosa

© das ilustracións:

Javier Huerga García

© da edición

Servizo de publicacións. Área de cultura. Deputación
de Lugo
Museo provincial de Lugo

Deseño e maquetación: ta ta ta

Impresión:

ISBN: 84-8192-299-4

Depósito legal:

Edición non venal

Este libro forma parte do material didáctico para a activi-
dade denominada Rutas literarias.

Reservados todos os dereitos. O contido desta obra está
protexido pola Lei, que prohibe a reprodución, plaxio, dis-
tribución ou comunicación pública, en todo ou en parte,
dunha obra literaria, artística ou científica, ou a súa trans-
formación, interpretación ou execución artística fixada en
calquera tipo de soporte ou comunicada a través de cal-
quera medio, sen a preceptiva autorización.



MUSEO PROVINCIAL DE LUGO



DEPUTACIÓN DE LUGO
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA





s de la no museo

Textos

Marilar Aleixandre

Fina Casalderrey

Xosé A. Neira Cruz

Antonio Reigosa

Ilustracións

Javier Huerga García

Edición a cargo de Antonio Reigosa

O Departamento de Didáctica do Museo Provincial de Lugo achéganos a segunda edición do libro *Contos de medo do museo*, un volume dirixido ao profesorado e alumnado de ensino secundario, con textos escritos por recoñecidos autores e autoras de literatura infantil e xuvenil en lingua galega, e que teñen en común como territorio de ficción o propio Museo Provincial de Lugo.

Trátase de combinar a lectura cunha actividade complementaria, unha proposta didáctica denominada *Rutas literarias polo museo* que naceu no ano 2003 arredor dos textos do primeiro dos libros desta serie, *Contos do museo*.

Tras a lectura destes textos, os/as alumnos/as visitan o museo onde seguen o desenvolvemento dos relatos e as peripecias dos personaxes que os protagonizan; en definitiva, desfrutan do museo co estímulo dunha fantasía que aguilloa a sensibilidade e estimula a imaxinación.

Cóntase coa experiencia e coa avaliación positiva tanto do profesorado como do alumnado que participaron nesta actividade nos anos precedentes. Entre os obxectivos que se pretendían, un dos máis importantes era o de influír na percepción de xente máis nova cara aos museos en xeral, e cara ao Museo Provincial de

Lugo en particular. Pois ben, non só se incrementou notablemente o número de grupos escolares procedentes de toda Galicia, senón que o grao de satisfacción manifestado despois da visita mudou radicalmente para ben.

Quédanos agradecerlles aos autores dos textos, Marilar Aleixandre, Fina Casalderrey, Xosé A. Neira Cruz e Antonio Reigosa, e ao ilustrador Javier Huerga García a achega da súa creatividade e desexarlle longa vida a esta proposta didáctica.

Antón Bao Abelleira

Vicepresidente da Deputación de Lugo

O Museo Provincial de Lugo, dependente da Área de Cultura da Deputación de Lugo, a través dos seus departamentos e servizos, procura canles para a divulgación dos contidos que conserva. O Departamento de Didáctica elabora propostas didácticas para estimular a curiosidade polos museos, a creatividade e a sensibilidade e, tamén, para contribuír a ampliar os coñecementos que complementan a formación das novas xeracións. Os principais esforzos, como é obvio, van dirixidos ao mundo escolar e a grupos e colectivos receptivos a proxectos de dinamización en contextos comunitarios.

A actividade denominada *Rutas literarias polo museo* naceu arredor do libro titulado *Contos do museo*, que formaba parte dunha actividade didáctica na procura de obxectivos básicos como introducir o alumnado nun espazo físico, o museo, e noutro imaxinario, a literatura. Os ingredientes para facer atractiva esta actividade atenden ao lúdico nun contexto activo de autoaprendizaxe.

Agora presentamos a segunda edición do segundo dos libros deste proxecto co título *Contos de medo no museo* con textos de Marilar Alexandre, Fina Casalderrey, Xosé A. Neira Cruz e

Antonio Reigosa e as fermosas ilustracións da autoría de Javier Huerga García.

O camiño percorrido nestes anos con esta actividade amósanos que contribúe a motivar e sensibilizar, que educa e que integra, que contribúe á socialización e á identificación do noso estudantado coa súa cultura e coa súa lingua e, finalmente, que o patrimonio histórico-artístico pode ir da man da literatura.

Xa que logo, o agradecemento desta dirección aos compañeiros dos departamentos responsables de Didáctica e de Comunicación e, especialmente, ao profesorado que confía en nós para complementar a formación e a educación transversal do seu alumnado, canteira dunha sociedade mellor.

Aurelia Balseiro García

Directora do Museo Provincial de Lugo



*Rutas
literarias
por el museo*

Agás raras excepcións, tanto a literatura dirixida aos lectores infantís e xuvenís como o interese polos museos deste sector de poboación en período de formación adoitan ser realidades “invisibles”.

Hai moita e boa literatura, hai moitos e cada vez mellores museos; só nos queda, xa que logo, apostar seriamente por facer “visibles” ambas as dúas realidades. Esta eiva, denunciada repetidamente tanto desde o mundo dos creadores como desde o dos museólogos e artistas plásticos, evidénciase constantemente nos resultados das enquisas. Lese pouco e os museos non reciben as visitas que deberían. Pola contra, os rapaces, estamos convencidos, a pouco que os motivemos con propostas de actividades atractivas, poden mudar de opinión.

Este proxecto nace co dobre propósito de atraer a atención do alumnado e do profesorado de ensino secundario pola literatura e polas obras de arte, pola historia do seu contorno, e, por tanto, quere contribuír a sensibilizar as novas xeracións sobre a importancia dos libros e da lectura, dos museos e dos seus contidos, como instrumentos fundamentais na súa formación. Os museos teñen entre as súas principais obrigas a de promover e divulgar as obras que

conservan e, para conseguíreno deben procurar fórmulas atractivas, mesmo imaxinativas, diferentes ás convencionais, para conseguir os efectos que se propoñen. Con ese empeño naceu esta actividade denominada *Rutas literarias polo museo*, un intento máis por abrir claros de coñecemento cara ao mundo da creación mediante a proposta de lecturas inspiradas nos contidos expostos no Museo Provincial de Lugo, propostas imaxinadas por artistas gráficos e da palabra. En definitiva, trátase de establecer unha ponte que relacione a literatura e os museos como elementos estratéxicos para incentivar e estimular o coñecemento, o desfrute e os valores positivos das manifestacións culturais.

Invitamos a profesores e alumnos dos centros escolares de ensino secundario para que aproveiten esta ocasión de coñecer da man de recoñecidos creadores, escritores e ilustradores as particulares opinións que a cada un deles lles proporcionou esta experiencia arredor da literatura e dos museos como espazos suxerentes, divertidos e imprescindibles para educar a sensibilidade e encarrear as inquiredanzas creativas.

Velaí a nosa oferta; unha actividade que toma como referente os catro relatos deste *Contos de*

medo no museo e as ilustracións que os acompañan para despois, seguindo as indicacións dunhas “Follas de ruta”, percorrer o museo sentindo o mesmo cós protagonistas dos relatos.

As catro rutas previstas son as seguintes:

A ruta do botón ten como referente o conto *O botón encarnado* de Marilar Aleixandre, quen nos introduce literalmente na obra “A escola de Doloriñas” de X. Minguillón. Días de medo, de fuxidos polos montes, e días tamén, por que non, para o amor. Lendo este relato rememoramos aqueles anos grises da posguerra española dos que aínda, por moi lonxe que aparenten estar no tempo, son testemuñas vivas os nenos retratados no cadro.

A ruta do gato inspírase no relato *Sangue de gato negro* de Fina Casalderrey, unha historia de demos e meigas, enigmática, de feitizos e apócemas. Léndoa navegamos por ese mundo que intermedia entre o real e o imaxinario, do que nunca sabemos de certo onde acaba ou comeza. Moitas das obras expostas no museo teñen un protagonismo trascendental e algunhas estancias coma o cocíña convértense en escenario ideal para o medo.

A ruta do anel ten como eixe o relato *O anel dos destinos cruzados* de Xosé A. Neira Cruz. O roubo dun anel antigo que garda un segredo que ningún coñece permítelle ao autor conducirnos polo gume do misterio e do ocultismo mentres trata de resolver este caso estarrecedor. Os amantes do arrepío teñen nesta historia abondosos ingredientes para desfrutaren.

A Ruta do pozo ten como guía o conto *O pozo dos desexos* de Antonio Reigosa. Conta a historia dun guía de museo tan propenso a fabular que acaba sendo vítima dos seus propios enganos. O pozo do claustro do museo é o centro dun universo que a cada hora dun día nefasto para o protagonista se vai virando espeso ata a desesperación.

Javier Huerga García, un mozo ilustrador coruñés afincado temporalmente en Lugo, realizou un fermosísimo traballo, pón dolles alma a estes relatos de medo. A través dos seus debuxos séntese o desacougo polo que transitan a maioría dos protagonistas destes relatos

**Departamento de Didáctica
do Museo Provincial de Lugo**

Autora:

Marilar Aleixandre

Ilustracións:

Javier Huerga García

O botón encarnado

Para Moncho López



Q

A culpa foi dos figos.

Eu devezo polos figos, sobre todo os figos verdes. Unha vez, en setembro, papei unha enchente deles e tiven que ficar dous días na cama sen comer. Nun recanto do cadro había pintados tres figos e o detalle pareceume absurdo: os figos non andan tirados polo chan dunha escola. Inclineime para velos mellor e debín esvarar, porque o seguinte que souben é que estaba deitado boca abaixo no piso e escoitaba a mestra dicir:

—Axudade a Daniel... Magoácheste?

—Non me magoei, non...

Aínda que a cabeza me daba voltas quería facerme o valente. Púxenme en pé sentíndome un pouco aparvado pero, cando mirei arredor, estiven a punto de caer outra vez ao chan.

Onde estaba? Aquilo non era a sala do Museo na que Enriqueta, a profesora de debuxo, nos estaba explicando un momento antes a pintura dos anos 40. Ademais a espilida Enriqueta, co seu cabelo curtiño e tinxido en mechas vermellas non podía terse transformado naquela mestra, unha señora máis ben corpulenta co cabelo escuro recollido nun moño, que seguía falando para os meus compañeiros:

—É que estades todos amoreados no extremo do banco. A ver, Digna, Pepa, botádevos un chisco cara á esquerda para deixarlle máis sitio a Daniel...

—Si, dona Dolores –respondeu unha nena –supoño que Digna– que tiña un libro aberto na man.

Os meus compañeiros? A ducia de rapazas, sobre todo rapazas, e rapaces que ollaban para min non eran os colegas da ESO de sempre, víaos por primeira vez na miña vida. As súas idades percorrían unha escala que ía desde a nena loira coas fazulas encarnadas que non debía ter máis de seis ou sete anos, até o mangallón da chaqueta verde que me sacaba a cabeza. Vestían roupas moi raras, todas as rapazas ían de saia e ninguén levaba vaqueiros nin deportivas. Que digo deportivas! Pero se todos calzaban zocas! Zocas de madeira, que até ese momento eu vira unicamente no escaparate dalgún zapateiro artesán ou nos debuxos de Castelao. E, ao mirar para os meus propios pés, comprobei que eu tampouco levaba deportivas, senón zocos de coiro, con sola de madeira atados con amallós. A miña roupa era semellante á deles, un pantalón de pana marrón e unha chaqueta da mesma cor.

Aos poucos, unha hipótese disparatada foi abrindo paso na miña cabeza. Eu debía estar dentro do cadro dos figos, nunha escola do ano 40. Ao tropezar daría cun deses furados de verme, que son como furados negros que comunican dúas dimensións do espazo e do tempo. Polo menos iso di Martiño, o meu irmán máis vello, que quere estudar Física cando acabe o bacharelato. Vaia leria! E quedábase aquí para sempre, sen a miña familia, sen os xogos de ordenador, sen...? Ben, Daniel, díxenme a min mesmo, estás dentro dunha aventura. Unha historia de ciencia ficción. Aprovéitaa o mellor que poidas.

—Seguimos coa lección —dixo a mestra—. Acabaches a suma de quebrados, Arximiro?

—Acabei, dona Dolores —respondeu o langrán da chaqueta verde—. Son vinte e tres quintos, ou sexa catro enteiros e tres quintos.

Arximiro tiña na man unha cousa negra, semellante aos encerados de clase, pero máis pequena e que, por estraño que soe, parecía feita de pedra escura... Para tinta escura a que comecei a suar eu, anticipando que a mestra podía preguntarme e que non tiña nin idea das leccións que se aprendían nos anos 40. Daquela a rapaza que

estaba de pé xunto a Arximiro, a única que, co seu abriguiño encarnado, poñía unha nota de cor entre as roupas grises ou marróns dos seus compañeiros, mirou para min, sorriume e tendeme o libro que tiña aberto na man.

Tiña uns ollos grandes e escuros que turraaban de todo o que se mirase neles. Eu fiteinos e de inmediato namoreime dela desesperadamente.

—Tócache a ti, Elvira —chamou a mestra—: Que sabes de *la utilidad del camello*?

Así que ese era o seu nome. Elvira, Elvira. Saboreeino como faría cunha lambetada. Elvira. Non se me ocorría que puidese haber outro nome máis bonito.

—*El camello* —dixo Elvira— *es llamado la nave del desierto, pues transporta mercancías a través de la inmensidad arenosa. Ni el hombre, ni el caballo, ni el mulo, que es tan resistente, podrían transportarlas como el camello a través del desierto. Puede resistir muchos días sin comer, gracias a su giba de grasa, y sin beber, debido a las celdillas de su estómago que almacenan agua. Cuando anda se mece de un lado a otro, como un barco movido por las olas, y son muchas las personas que al montarlo se marean como si estuviesen navegando.*

Mareándome, iso é o que me ocorría a min, como se estivese cabalgando a lombos dun camelo ou dunha barca. Mirei o libro que me dera Elvira, aberto pola lección do camelo. Levaba por título *Lecciones de Cosas II*. Pero, que lección me correspondería? Tería que falar do bicho da seda, do xabón ou do café? Ou talvez me encargaría facer contas na lousa de pedra negra? Tiña que preguntarlle a meu avó, que foi á escola nos anos 40, se escribía sobre rochas como os homes das cavernas. Aínda que, lembrei, o meu avó estaba agora do outro extremo do furado de verme, do tubo retorto polo que eu chegara aquí ao tempo de Elvira.

Por fortuna non tiven que responder a pregunta ningunha, pois nese intre a mestra mirou pola fiestra, onde a luz oblicua do sol douraba as bidueiras e abelairas vestidas de outono. Suspirou (ou así mo pareceu) mentres anunciaba:

—É a hora. Acabou a clase, vémonos mañá.

Os alumnos recolleron os libros, cadernos e lapis nun pis pas. Eu devolvínlle o seu a Elvira, pero ela rexeitouno abaneando a cabeza:

—Moitas grazas, se o necesito xa cho pedi-rei mañá.

Acenou en dirección a unha caixiña de madeira cunha asa, similar á que ela mesma tiña na man, de forma que comprendín que debía ser miña e botei o libro nela.


Todos ían saudando a mestra e ela despedía a cada un polo seu nome:

—Adeus, Teresa, Berta... Até mañá, Arximiro, adeus Digna...

Ao final quedamos unicamente Elvira e mais eu. Ela saíu fóra e eu seguina porque non sabía que outra cousa facer. O alivio que experimentara cando se interrompeu a clase estaba transformándose en medo. Todos marchaban para as súas casas, pero eu non tiña onde ir. Estaba só, nunha pequena vila descoñecida. Que ía comer? Onde pasaría a noite? Debía ser mediodía, pero decateime de que nas rúas non había farois nin sinais de luz eléctrica. Na imaxinación representei os bosques que nos rodeaban tal como serían dentro dunhas horas, envoltos na escuridade e inzados de centos de ollos axexando, ouleos de curuxas, quizais lobos... Nisto Elvira interrompeu o meu matinar, preguntando:

—Vas para a casa?

—De momento non —dixen eu, aínda que



non expliquei que era por non ter casa ningunha onde ir.

—Tampouco eu. Comemos alí? —indicando un pequeno souto de castiñeiros, no límite entre a vila e o bosque.

Asentín, agradecido por non quedar abandonado ou, polo menos, retrasar o momento no que tería que escoller entre apañarme eu só ou pedir axuda, pero: Quen ía escoitar unha historia que a min mesmo me parecía increíble?

Elvira abriu a súa caixa, á que ela chamaba cabás, e tirou dela un pano de mesa anoado que debía conter algo de comer. Aínda que pechou a tampa decontado, observei que no interior non había libros, senón outro pano de mesa que envolvía algo bastante máis voluminoso que a broa e o anaco de queixo que tirou da súa. Eu imiteina, abrindo a miña caixa e, con gran sorpresa, encontrei tamén un pano de mesa cunha pouca boroa, un pedazo de chourizo e unha mazá. Na caixa había así mesmo unha navalliña coas cachas de madeira.

Partín pola metade o chourizo e a mazá para darllo e ela fixo o mesmo co seu queixo. Bebe-mos auga dun regato que cruzaba o souto. Poucas comidas me souberon tan ben.

—Daniel... —dixo Elvira de repente— Podo pedirche un favor?

Mireina aos ollos, aqueles ollos que eran como os lagos escuros no cumio dos montes, e foi entón cando me decatei do que até ese momento, cismando nos meus problemas, non observara: ela estaba tan asustada coma min. No seu rostro pálido os ollos brillaban cunha intensidade estraña, como ascuas. Estiven por dicirlle que podía pedirme o que quixese, que agabease ao máis alto dun castiñeiro ou que mergullase nun pozo, que estaba disposto a facer calquera cousa con tal de que seguise mirándome e volvese a sorrirme como a primeira vez, pero acabei dicindo unicamente:

—Podes, Elvira, claro que si.

—Antes de volver á casa teño que facer un recado... ir ver o meu padriño. Pero está alá arriba, do outro lado do bosque. Podes acompañarme?

—Podo, muller! Non é favor ningún. Encantado de camiñar contigo polo bosque...

—Camiñar, camiñar..., se cadra nalgún momento hai que correr. Porque no bosque... no monte... xa sabes...

Saber, non sabía, pero se ela confiaba en min, non ía decepcionala recoñecendo que non tiña nin idea dos perigos, fosen animais feros ou espíritos malévolos, que espreitaban no bosque, das ameazas que nos podían obrigar a correr. Por outra banda, tiña dúbidas de que eu fose capaz de correr con aqueles zocos, aínda que, chegado o caso, se tiña que meterlle un couce a alguén, as solas reforzadas con chatolas serían unha boa arma ofensiva. Non sabía como era capaz de camiñar Elvira coas súas zocas abertas, pero o certo é que andaba moi lixeira e que, ao principio, me custou seguirlle o paso.

O souto, o chan mol alfombrado de ourizos rebentados nos que asomaban as castañas, deu paso a unha fraga encosta e máis fechada na que, ás veces, toxos e xestas se cruzaban no noso camiño, dificultándoo. Aínda que eu son quen de distinguir un toxo dunha xesta, Elvira levábame moita vantaxe. Mentres camiñabamos, sinalaba arredor noso paxaros e plantas chamando a cada un polo seu nome. Xa non é que eu descoñecese o nome da maior parte deles, que para min chasca e pimpín fosen iguais ou que non podía dicir se o paporrubio tiña o peito vermello e a rabarrubia o cu encarnado ou ao revés, é que, de

non ser por ela, probablemente nin sequera me decatase de que naquela póla había un paxaro.

Camiñamos monte arriba cousa dunha hora. Ela chimpaba por aquel terreo irregular como se coñecese cada petón, cada cepa de carballo, como se soubese onde debía poñer o pé para non tropezar, e a súa carrapucha encarnada chimpaba ás súas costas como un paxariño que a perseguira. Chegamos ao alto dun cumio e, antes de baixar para cruzar a regueira e pasar ao seguinte, parou e díxome:

—Non che dixen de todo cal era o recado...

—Tampouco necesito sabelo –interrompín eu–. Pídesme que vaia contigo e chégame.

—É porque me advertiron de que non podía dicirillo a ninguén... Pero ti non llo vas contar a... É que meu padriño está no monte.

—No monte? –repetín eu sen comprender.

—No monte cos fuxidos, entendes? Os que seguen coa guerra.

Estiven por preguntar que guerra, pero lembrei a tempo que un ano antes de 1940 acabara a guerra civil. Algunha vez meu pai contara unha historia dos antifranquistas que continuaron a resistencia no monte. Tiñan un nome, como era?

—O maquis? —dixen por fin, orgulloso de recuperar aquela palabra que até hoxe carecera de significado preciso, como *visigodo* ou *carabela*.

—Chisst! —fixo Elvira, mirando aos lados, como se o mato estivese inzado de oídos que espiasen a nosa conversa.

Agora compartiamos un segredo. Ela confiaba en min, até o extremo de contarme algo que prometera non falar. Isto era un motivo de orgullo e, se non temía os perigos que podiamos correr levando mensaxes clandestinas aos fuxidos, non era tanto por afouteza, senón porque os lazos que se estaban anoando entre Elvira e mais eu non me deixaban pensar en máis nada.

Daquela, mentres eu a observaba apampado, fixo unha cousa sorprendente: comezou a quitar o abrigoño encarnado. Íalle preguntar por que o facía, advertirlle que ía ter frío, cando vin que o volvía do revés e que, polo outro lado, era tamén un abrigo con carrapucha, pero de cor marrón, dun ton semellante ás follas secas das árbores que nos rodeaban. Púxoo de novo e, nun segundo, transformouse de Carrapuchiña encarnada en Carrapuchiña parda. Unha carrapuchiña que tamén levaba de comer a alguén da

familia, pero que fuxía de perseguidores máis temibles que o lobo.

—Será mellor que camiñemos por esa banda —dixo, sinalando unhas árbores que cubrían parte da aba pola que tiñamos que baixar.

Comprendín que debiamos agocharnos o máis posible, confundirnos coa terra e as árbores, e agradecín levar aquela chaqueta de pana escura e non o meu chubasqueiro laranxa e azul que quedara do outro lado do furado. Elvira tirou tamén as zocas e colleunas na man. Debaixo levaba unhas zapatillas negras de paño que, se non prote-xerían os seus pés da lama, si lle permitirían andar máis lixeira pendente abaixo.

O monte íase facendo cada vez máis fechado e o camiño máis difícil, pero ela, de cando en cando, paraba e sorríame, un sorriso que me daba novos azos. Ao cabo dun tempo desembocamos nunha corredoiriña e, de socato, unha voz sobresaltoume.

—Quen vai?

—Son eu... Elvira —contestou a miña guía.

Se eu imaxinara os maquis como uns homes curtidos, armados até os dentes, o que chim-pou no camiño ante nós non podía ofrecer unha imaxe máis distinta. Era un rapaz que

representaba uns dezaseis ou dezasete anos, miúdo e barbilampiño, cuns ollos tan claros como escuros eran os de Elvira e que semellaba máis asustado ca min. A chaqueta e o pantalón que vestía estaban tan remendados que resultaba difícil identificar cal fora a tea orixinal, e levaba un calzado distinto en cada pé. Empuñaba unha escopeta que tiña a culata medio partida e reparada cunhas latas.

—E el? —preguntou acenando para min— Quen é?

—Daniel, un amigo de toda confianza. Pedínlle que me acompañase porque teño medo a volver soa...

O rapaz asentiu e comezou a camiñar diante de nós, até chegarmos a unha especie de porta feita de pólas que tapaba a entrada a un abrigo entre dous petóns. Dentro había cinco homes máis que acolleron a nosa chegada con exclamacións. Un deles, que tiña o cabelo escuro e liso, e os mesmos ollos penetrantes de Elvira, apertouna con forza, levantándoa do chan.

—Miña rula! Non te esperabamos até o venres... Que pasa?

—Andan facendo unha batida... —dixo Elvira sen alento e as caras dos homes mostra-

ron a súa preocupación—. Que non saíades...

—Ai non! —rosinou un dos homes, que tiña unha venda manchada na cabeza— E deixar que nos cacen coma coellos... Eu prefiro morrer combatendo.

—Cala a boca, Ruzo —retrucou outro que tiña a cara, case até os ollos, cuberta dunha espesa barba—. O que pode ocorrer non é que morras pelexando, senón que te tomen preso e que te torturen antes de matarte. Ou é que non lembrás...?

Pero o padriño de Elvira interrompeu a discusión cun aceno cara a nós.

—Ben, ben... xa falaremos do que cómpre facer. Eles viñeron traer unha mensaxe e hai que agradecerllo. Mellor estar avisados. Algo máis Elvira?

—Ah, isto!

A miña amiga abriu o cabás e tirou del o envurullo máis grande que, unha vez aberto o pano de mesa, resultou ser un anaco de lacón cocido que fixo brillar os ollos dos fuxidos tanto ou máis que a advertencia de Elvira.

—Que sería de nós sen ti! —dixo o home das barbas— Estaríamos todo o tempo a dieta de

castañas e algún coello que cae nas trampas que arma o Ruzo...

—Se me deixarades usar a escopeta –protestou o aludido– comeríamos moito mellor...

—Si, ho! Moito iamos durar se andases a tiros polo monte...–burlouse o barbas– Dispara un e nun momento teríamos detrás a todos os gardas...

—Sen contar co mal que andamos de munición –interview o rapaz que facía de sentinela– Teño que facer garda coa escopeta descargada e ías gastala nos coellos!

—Máis útil sería nun coello que se se che dispara sen querer, Tino –contestou o Ruzo que non daba o brazo a torcer.

Mentres o padriño de Elvira, que a tiña aperedada todo o tempo, causándome terribles celos, bicouna de novo e dixo.

—Ea rapaces, eu non quero botarvos, pero é hora de marchardes, senón vaivos coller a noite.

Era certo, e eu desconfiaba de que non caese a escuridade antes de chegar de volta á vila. Non é que tivese moita présa por chegar, porque volvería a ter que resolver o meu problema inicial: onde ir? Quizais no fondo confiaba en



pedirlle axuda a Elvira, coa que me unía agora aquela perigosa aventura. Despedímonos dos fuxidos e comezamos o camiño de volta.

Aínda que de momento había luz o sol estaba xa moi baixo, proxectando arredor noso sombras de árbores ou mato que se estarricaban como espectros, ameazando poñerse en fileira nunha roldiña que turrase de nós no seu peregrinar sen fin. Nunca me quitaran o sono as historias da Santa Compañía que nos contaba miña avoa nin as películas de vampiros, pero unha cousa é ser escéptico ante un conto de medo na sala de estar da túa casa e outra camiñar medio perdido por unha fraga á hora en que os seres, que dormen polo día, sexan mouchos e curuxas, mortos vivintes, fantasmas ou ánimas en pena, comezan a encher o lusco fusco cos seus murmurios e zuni-dos. E se me sentía perdido, aínda que Elvira parecía ser capaz de encontrar o seu camiño naqueles montes cos ollos fechados, era non só porque, se ela me deixase, non sabería se ir cara ao norte ou cara ao sur, senón porque, a medida que se achegaba o momento de separarnos, vía máis claro que eu era un estranxeiro descarreirado naquel planeta onde –a pesar de Elvira– ninguén me entendería se eu falase de buscar tesouros nun

navío intergaláctico dun xogo de ordenador, dos sms ou dos Simpson, é dicir do que falo cos meus amigos todos os días.

—Uuuuuh, Uuuuuh!

Un ouleo, para min inidentificable, rachou o aire sobresaítándome. Mirei para Elvira cos ollos desorbitados.

—Lobos?

Ela riu, tranquilizándome.

—Pero Daniel! Nunca oíches unha curuxa?

Non oíra, non. Aínda que non llo ía confesar a Elvira, o certo é que nos arredores do piso onde vivo non aniña curuxa ningunha e só as coñezo das películas e dos libros de ciencias. Seguramente haberá curuxas en Lugo, pero eu non as oín na miña vida. E con toda seguridade a maior parte dos meus amigos tampouco serían capaces de distinguir o ouleo dunha curuxa dos ouveos dos lobos, a pesar de matalos a centos na pantalla do ordenador.

—Temos que apurar un pouco –dixo ela– para que non nos colla a noite no monte.

Apurar, con aqueles zocos, eu non podía apurar moito máis. Se alguén cre que é máis

doado subir monte arriba que baixar, é que nunca andou polo medio do monte á hora do solpor. Os pés esvaran, as pedras van a rolos até meterse baixo os teus zapatos e as raíces saen da terra, tendendo trampas aos descoidados. Houbo un intre en que pensei que non íamos chegar nunca, pero nese momento Elvira volveuse cara a min:

—Dáme a man —dixo, tendéndome a súa.

Os obstáculos esvaecéronse. Non desexaba outra cousa que seguir camiñando por aquela fraga, cada vez máis escura, apertando na miña man a manciña de Elvira.

Por fin comezamos a baixar o monte que chegaba até o souto en que comeramos. Aínda non se vían as luces da vila, en realidade apenas se vía pois o sol se ocultarase case por completo, pero sabíamos que non faltaba moito para darlle fin á nosa viaxe. Eu deixei escapar un suspiro e, nese intre, Elvira, apertando con máis forza a miña man, turrou de min para detrás dunhas matas de xesta, onde nos aniñamos.

—Que...? —empecei a preguntar eu.

Ela puxo un dedo nos beizos, ordenando silencio. Agucei os oídos, pero non fun capaz

de escoitar nada, é dicir, de identificar o son que causara a preocupación de Elvira entre as dúcias de murmurios que a noite arrebolaba sobre nós. Permanecemos así, inmóbiles e case sen respirar durante uns minutos que se me fixeron longos como séculos e, despois, comecei a escoitar os pasos.

—Os gardas –moumeou Elvira, achegando a boca ao meu oído.

Quenquera que fose baixaba polo monte, polo mesmo camiño que seguíramos nós e estaba moi preto. Pisaban forte e andaban apurados. Uns segundos despois podíamos escoitar o que falaban entre eles.

—Non poden andar moi lonxe...

Entón, por un ouveo que soou, baixiño pero ameazante, decatámonos os dous a un tempo de que traían un can. O agocho da xesta deixou de ser un agocho. Podía ocultarnos da vista dos homes, pero non do nariz do can.

Foi unha inspiración. Abrín o cabás e collín o pano de mesa que envolvera o chourizo, onde eu botara os pellos. Fixen unha pelotiña con ela e, incorporándome, guindeina con toda a forza que puideren en dirección contraria á vila.

Despois turrei por Elvira para erguela.

—Corre!

Máis que correr, voabamos por riba dos petóns, polo medio dos toxos, sen preocuparnos das pugas, esquivando as pólas das árbores. O ouveo do can soaba agora máis lonxe. Pasamos como un lóstrego polo souto e chegamos case ao pé das casas, ao acougo. Elvira deixou de correr e dixo sen alento.

—Daniel, non sei como agradecerche...

E eu, vendo os seus ollos negros tan brillantes e os seus beizos tan encarnados, sentín o impulso de bicala. Dei un paso cara a ela e, por culpa dos condenados zocos, tropecei e perdín o equilibrio. A man que tiña tendida en dirección a Elvira conseguiu aferrarse unicamente ao seu abrigo, abrindo os botóns. A última imaxe que vin dela, antes de caer ao chan, foi o interior encarnado do abrigo que a enmarcaba como a luz dunha lareira.

Cando recobrei o coñecemento, estaba deitado no piso da sala 18 do Museo e tiña uns beizos encarnados a dous centímetros dos meus, como se me fosen facer un boca a boca. Pero non eran os de Elvira, senón os de Enriqueta.

—Vaia susto que nos deches! Estás ben?

Non souben que responder. No cadro, a rapaza do abrigo vermello miraba só ao seu libro, non a min. Tiña o puño apertado e, ao abrilo, vin que dentro había un botón encarnado.

The background is a solid light blue color. It features several large, abstract, curved shapes in a slightly darker shade of blue, which appear to be stylized waves or flowing lines. These shapes are positioned on the right side of the page, with one large curve starting from the top right and another starting from the bottom right, both curving towards the center.

Autora:

Fina Casalderrey

Ilustracións:


Javier Huerga García

Sangre de gato negro

*A Mariano, a man que quero
atopar se estendo a miña*







—¡Como ía haber unha muller moribunda no chan, Darío! ¿Onde vai, logo?

—Dígoche que estaba xusto aquí, onde eu piso agora mesmo. Funche abrir a porta e...

—E claro, esvaeceuse coma o vapor dunha tarteira... Xa me pesou contarche o do Santos. ¿Ti non te durmirías e soñaches? Razoza, dis que hai un pouco estaba aquí tirada... ¿onde se meteu se, ademais, porfías en que non se tiña en pé? ¿Non percorremos xa todas as salas?

E aquí estou, pampo, mirando para este cadro que, segundo meu tío Xurxo, está coma sempre.

¿Que podo facer para demostrarlle que non é así? ¿Que probas teño? O meu Nokia negouse a fotografala e un corazón, que me bate ata nas xemas dos dedos, non me serve para acreditarlo. Hoxe mesmo irei ver o Santos ao hospital, ao psiquiátrico ou a onde queira que estea. El pode ser a miña proba concluínte. Ou eu a súa. Despois... despois falamos.

.....

O peor é que eu tomara a chacota todo o que del nos contaba meu tío cando se poñía a arremedalo:

“Asegúroche, Xurxo, que —como Santiago Santos me chamo— isto foiche así. Dígocho eu: o diaño anda polo museo na procura de servas”.

Meu tío imitaba á perfección a voz do seu colega. Facíao, máis ca por burla, pola mágoa de recoñecer que, de seguir coa teima, Santiago Santos acabaría perdendo o traballo.

“Que si, Xurxo, que si; notei un olor a funeral solemne, a... incenso —meu tío Xurxo era talmente o Santos; non só poñía o seu ton de voz, senón os xestos da cara e os modos—. Primeiro era agradable, pero pouco a pouco foise volvendo un gafume insupportable. Pareceume que viña de arriba e subín as escaleiras. A Virxe dos Ollos Grandes seguía en silencio os meus pasos. Guieime cara a onde miraba o lobo do San Francisco. Fun devagariño coma un podengo na procura dun rastro. O cheiro viña da dereita e alá fun. A aguia bicéfala azul ollábame dende unha das vitrinas. Non se oía ren. Seguín, seguín... De súpeto, un ladrido rompeu o mutismo. Era un ladrar pétreo, de curuxa. Sentín o seu peniscar na tempa esquerda. Fuxín. Daquela foi cando a vin a ela por primeira vez. Unha muller-morcego, enloitada, saíu da sala de Nespereira perseguida por un can repulsivo. Era o demo, Xurxo; ese can era o demo”.

Meu tío contou na casa que o tal Santos,

entre unhas e outras, estivera de baixa arredor dun ano por mor das alucinacións que sufría. Chegara a dicir que vira ao mesmísimo Satán campar ás súas anchas polo museo.

“Nin a Salomé puido facer nada por suxeitalo coa correa que lle atara aos cadrís, nin a Virxe Inmaculada, por retelo baixo os seus pés” —aseguraba.

O Santos, para todos nós, era un desequilibrado; para min, dende hoxe mesmo, deixa de selo.

Hai unha semana que se reincorporou ao traballo e a pasada noite foi a primeira en que lle permitiron facer garda nocturna. Esta mañá tocoulle o relevo a meu tío Xurxo...

.....

¡Vaia vinte e cinco de decembro! Amenceu frío coma un iceberg. Ás nove, cando viñamos cara aquí, un manto de espesa néboa emerxía das pedras da muralla nun sinistro encantamento. O pescozo dos escasos transeúntes volvérase retráctil coma uñas de gato. Os termómetros marcaban -2°C. Nós acababamos de deixar o coche no aparcadoiro e tamén camiñabamos coa cabeza apegada aos ombreiros, sen

pescozo, sen mans, sen boca... Os lazos de luces que coroaban as rúas permanecían acesos igual cós faros dos poucos coches que circulaban.

—A ver que tal tivo a noite o Santos —as palabras de meu tío volvíanselle fume ao traspasar a bufanda—. Agardo que deixase de ver xitanas con dedos mutilados ou gatos negros abertos en canal polo propio Satán; quen, polo visto, os atrapaba cos peixes sapo de Nespereira para lles zugar o sangue.

—Pero ti dixeras que onda unha sala da primeira planta atoparas unhas espiñas e que...

—Xa, pero iso é outra historia; foi cando unha tormenta desatou toda a súa furia no corazón da muralla. O museo, igual cós edificios dos arredores, quedou en tebras durante longos minutos. A megafonía non funcionaba. Hoube-mos de ir desaloxando sala a sala nun breve espazo de tempo. Cando a luz volveu, só quedabamos dúas limpadoras e mais eu. Fixen unha rolda por ver se todo estaba en orde e, xusto ao pé do cadro do burro e as gaiotas, atopei restos de peixe ciscados polo chan.

—Vale, ¿e a iso que explicación lle dás?

—Tivo que ser unha absurda broma de

alguén que aproveitou a confusión para argallar a falcatruada. Doutro xeito véxoo moi difícil... Témoloo todo moi controlado. Ben sabes que, sen permiso, nin unha fotografía.

—Xa...

Chegamos á Praza da Soidade... nunca coma hoxe me pareceu que lle acaese tan ben o seu nome, nin unha alma. Bosquexei sen reparo.

—¿Tes sono? —adiviñou Xurxo.

—Non —mentinlle.

Miña nai porfiou en que, sendo Día da Natividade, o seu irmán máis novo, o preferido, non debía pasalo só nin no traballo.

“E mira o agasallo que che acaba de facer aínda hoxe, e tumba, e dálle...”

De certo, o meu Nokia de última xeración convertérame no máis ditoso dos mortais. Foi o mellor regalo de aniversario que me puido facer. Tróuxeno comigo, aínda que de ben pouco me serviu cando quixen tirarlle unha fotografía á muller; inexplicablemente, non funcionou.

.....

Ao saírmos da casa non tiña nin a máis remota idea do que me agardaba. Imaxinaba

unha mañá tranquila, sen posibilidade de incidencias. O museo permaneceu onte e mais hoxe pechado ao público. Vin, como digo, de mala gana. Xa teño estado aquí en diversas ocasións. A Xurxo gústalle traerme dende ben cativo, préstalle darme leccións filosóficas:

“Custodiar obras de arte fai que remates meténdoas na túa retina con absoluta nitidez, sénteste un pouco o seu dono, o propio artista. Hai que deixar falar a arte sen importunala. Só se lle toca coa ollada”.

É un romántico.

Teño xogado con el a comprobar ata onde sabe o museo de memoria e sempre me desconcerta.

“¿Onde hai unha serea branca?” —dunha volta propuxen eu o enigma.

Non se conformou con indicarme a sala na que se atopa, senón que precisou:

“Onda as caixiñas de peixe sapo, nun lugar en que as horas permanecen inalterables, eternizadas en variados instantes. Está a carón do neno que conversa co seu cabalo. Ten ás de anxo e voa sobre unha pipa de mariño. A dama de azul obsérvaa dende o fondo”.



Era tal a súa xusteza que creaba novos enigmas; daquela era eu quen tiña que comprobar se cadraban as súas precisións. No entanto, cando me tocaba a min, non daba unha.

“A ver se atopas un gaiteiro nesta sala —estabamos na catro e aínda me facía burla—. Conste que na mesma sala en que está a sobreira de Antonio Fernández hai máis, ieh! Se acertas mércoche... “—e prometíame calquera obxecto do meu desexo.

Eu non daba atopado nada. E Xurxo demostrábame ata onde se lle podían ver as entrañas a unha pintura. Abofé que, aínda que nun lugar discreto, alí está o devandito gaiteiro.

“¿Ves? Nos cadros, coma nos libros, só podemos ver a sabedoría que levamos dentro” —afirmou.

O que non me cadra é como non creu o Santos, como é que meu tío non viu nada, nin o resto do persoal do museo...

.....

O caso é que, cando estabamos onda a porta, Xurxo pedíume o móbil, por xogar; el ten o seu.

—Presta acá que aínda non cho estreei. Voulle facer unha perda ao Santos para que nos abra. Anda medio tiquis miquis e quedei niso con el. Ao apoucado ata o asusta sentir abrir a porta.

Agardamos. O Santos non aparecía e, así parados, o frío volveuse insoprible. Meu tío repetiu a chamada dende o seu móbil; desta volta agardaba resposta e non quixo arruinar o meu restrinxido presuposto.

Nada.

Abriu Xurxo. Entramos e batémoslle axiña coa porta na cara ao frío.

—¿A que ole aquí? —advertín.

Cheiraba a ovos podres. Aínda teño o tufo ese metido no nariz.

—Ole un pouco a xofre, ¿non? —especificou Xurxo—. ¡Santos!, ¿onde estás?

Mentres el foi comprobar se andaba na planta alta facendo a última rolda, eu quedei na entrada. O resón da voz de meu tío e o silencio como resposta inquietáronme. Ollei para aquel armario tan torneado da dereita e pareceume que por detrás daqueles barrotes asomaban uns ollos asustados.



Xurxo non tardou en regresar onda min.

—Non o atopo por ningures. Este foi capaz de irse antes de chegarmos. Anda tan raro ultimamente...

Unha queixa feble chegounos dende o ofertorio. Fomos cara alí. No recibidor fíxose máis nidia. Semellaba saír do *bargueño* que está ao pé das escaleiras

—¡No baño! —decatouse Xurxo.

E alí estaba o Santos, preso dun ataque de pánico.

—¿Que che pasa?

—¡A figa, a figa de santo Antón! Refrégaa de esquerda a dereita —reparou na miña presenza e volveuse histérico—. ¡Saca a este rapaz de aquí!, ¿ou queres que lle devore as entrañas? O gato de Villamil salvouse por non ser negro, pero os nenos...

Santos estaba encollido nunha esquina, entolecido e albo. Un pavor místico contraía os seus músculos, mentres escumaba pola boca.

—Tranquilo, tranquilo... ¡Darío, chama unha ambulancia axiña! —meu tío esixíame angustiado.



Foi a primeira vez na miña vida que me vin en semellante transo. Aínda tardei uns segundos en reaccionar. Santos perdeu o coñecemento e meu tío tentou reanimalo mentres me miraba con desesperado reproche.

—¡Ao o6I, home! E toma as chaves, vai á entrada e dilles onde estamos —meu tío non pronunciou adxectivos pexorativos, pero a súa mirada contiñaos todos.

Os minutos transcorridos dende que comprobaron a veracidade da miña chamada ata que chegaron fixéronseme eternos.

Á fin apareceron.

.....

Así foi como me vin só, exercendo de garda de seguridade mentres meu tío Xurxo acompañou o Santos na ambulancia.

—Ti non te inquietes por nada —telefoneoume—. Non ten dúbida. Cren que é un amago de infarto collido moi a tempo. Ten conta das chaves e mantén pechada a porta. En canto regrese chámote ao móbil e vézme abrir.

Nunca coma hoxe me desacougou tanto o feito de saberme só e iso que aínda non tiña,

xa digo, nin a máis remota idea do que se me viña enriba.

Sentei nas escaleiras e escollín un xogo de rallys no meu Nokia. Aquel tufo a xofre volveu e foise facendo máis intenso. Roubábame o osíxeno. ¡Apeataba! Fun cara ao recibidor tratando de fuxir del. O cheiro perseguíame. Afogábame. Instintivamente saín ao claustro. Tratei de acougar.

“Estou impresionado pola cara desencaixada que levaba o colega de meu tío. Non pasa nada”.

O sol resistíase a aparecer e o frío chantoume na respiración coma can enrabechado. Envurullei o nariz e a face enteira na bufanda e volvín facer desaparecer o pescozo e as mans. Non me atrevín a saír de debaixo do claustro, pero deume por correr. Non estaba precisamente para atopar o capitel das seis caras nin para vaticinar se o sartego de Zolle correspondera a un monstro de dúas cabezas ou a unha parella de amantes. Cheguei á altura dos reloxos de sol detidos pola néboa. Eu tamén me detiven. Parei xusto enriba daquela sorte de roda de carro que, segundo Xurxo, perpetúa as iniciais do construtor que restaurou o piso do antigo claustro franciscano; Varela Villamor creo que me dixo. Unha raiola puxo a andar algúns

daqueles reloxos e os seus narices de ferro antolláronseme dardos que apuntaban cara ao meu peito. Nese intre sentín o asubío do meu Nokia e foi como recuperar o contacto co mundo.

—Acouga, volvo axiña. O Santos, xa che dixen, vai reaccionando. Onte mesturou o tratamento co viño que acababan de abillar e iso fixo que volvease sufrir eses delirios. ¿Estás ben?

Díxenlle que si. Aquela chamada fixérame ben. Sereneime:

“Se o tal Santos está perturbado, eu non teño por que deixarme contaxiar das súas fantasías”.

Entrei de novo e dei en rir dos meus medos.

O frío e os nervios oprimíranme a vexiga e fun baleirar ouriños. Alí comecei a entrar en calor, coma se os aseos recuperasen a súa antiga función de fornos, cando o museo era un mosteiro.

Deseguido, retornei cara á entrada atento a un novo xogo do meu móbil. Alí agardaría por Xurxo. Aínda ben non chegara á altura do ledoiro, sentín un pequeno golpe ás miñas costas.

“Ten que ser o ruído da cisterna ao rematar de coller auga” —pensei.

Así e todo volvín atrás. Nos aseos todo conti-

nuaba en orde. Outra vez os ruídos, pero non fun quen de precisar a procedencia. Entrei na cociña e, aínda sabedor de que non debía tocar nada, abrín a portela da lacena. Había unha morea de garrafas de plástico con auga; diso xa sabía de cando teño estado no verán, pero desta volta apareceu tamén unha xerra de cristal cun líquido vermello intenso. Daquela metéuseme na cabeza que alguén ría de min e, asustado, chamei o meu tío. Dábame comunicando. Traitei de razoar:

“Se quixese entrar calquera, non podería... O persoal ten libre, as chaves de Xurxo téñoas eu...”

Saín ao recibidor e deambulei ata a sala catro. Outra vez aquel ferume tan desagradable. Imaxino que se existise o inferno tería un cheiro semellante. Dende alí vin dar nesta mesma sala da que, aínda hai ben pouco, desapareceu a muller. Nunca me chistou, e hoxe menos. Desacógame o pelo natural da Virxe do Carme, o corte da santa Águeda no peito, o neno mutilado, a ánima en pena...

Mirei a san Xoán Bautista; parecía indicarme que me fose por onde entrara, se non quería que me pasase coma a el e me decapitasen.

Estrañoume que este cadro, que teño diante, só conservara o marco —cosa que meu tío non cre— e que nesoutro da cabeza do Bautista aparecese unha mancha negra onde debía haber un personaxe que... Ese animal... Non sei... sospeito que aí se concentran diferentes forzas do maligno.

Sen máis, abriuse a porta gris que dá á zona dos mosaicos. Asomei e vino. Unha especie de can de rabo longuísimo corría escaleiras arriba. Tratei de seguilo sen que se decatase, pero cando cheguei ao inmenso corredor da primeira planta, desaparecera. ¡Canto daría por atoparme alí con Eedita, con Xulián ou con calquera outro vixilante de planta!, pero aquela mesa permanece hoxe baleira; mais souben que non estaba só.

Dende o móbil chegoume unha mensaxe de Xurxo: aínda tardaría como mínimo media hora; ía buscar o coche para recoller a muller de Santos na casa e levala onda el. Aquilo non admitía réplica.

.....

Atravesei as salas de arte moderna e fun dar ao vestíbulo dese primeiro andar. Da pequena

sala de ourivería volvían saír aqueles risos que tanto me desacougan só con lembralos:

“Non pode ser certo, estou a sufrir os mesmos desvaríos có Santos”—admitín.

Para min que procedían do carneiro alado; quizais ría dos xenitais inchados do home de pedra.

Decidín continuar coas pescudas e oxalá nunca o fixese.

Saín de alí. As vitrinas de cerámica e vidro estaban enchoupadas dun fume branco que non deixaba ver o que había dentro. Afasteime. Continuei dereito cara á sala da prehistoria.

¡Outra volta, o devandito can camiñaba diante de min! Seguino con sixilo, engulindo o eco dos meus pasos nos amplos espazos baleiros. O animal detívose onda as moedas e ouveou coma se algunha delas o mancase. Bateu co rabo no chan, que resoou coma un látego de pedra, e un lume súpeto envolveuno feríndome a min nos ollos. Desapareceu alí mesmo, nun quebro de inesperada axilidade. Achegueime. Unhas imperceptibles marcas na parede deixaban a pegada dunha porta que, calculo, iría dar á torre da Igrexa de san Pedro, apegada ao museo. Alí mesmo, ás miñas costas, sentín ese ladrido

do que falara o Santos. Non distinguín se foi de can ou de paxaro da noite ata que vin como dúas pombas fuxían dunha noitebra.

Non volvín saber delas.

Mirei aqueloutra mesa de posto de vixía, tamén baleira. Non son supersticioso, pero naquel Laxeiro da sala trece pareceume ver a face do propio Satán. Intimidoume, mais non podía volver atrás.

Seguín tripando silencios mentres unha ollada de esqueleto se cravaba en min coma un vidro roto. De socato, un enorme morcego con cabeza de muller repulsiva apareceu diante de min. Co ímpeto do bater das ás houbo de me rabuñar a cara. Antes de que se metese no cuarto contiguo aínda puiden verlle uns brazos esqueléticos; nunha man levaba un cullerón de rabo longo. Seguina, xa non me tivo sentido pensar en recuar. ¡Asombroso! Alí non había morcego ningún, senón unha muller.

Contemplei enfeitizado a escena, espiando a intrusa.

—¿Fixeches iso? —faláballe a unha moza dun cadro, de enorme ollada tímida e de melena recta coma nas películas dos anos vinte—. Ben

sei, polas túas mans de dedos longos, que es delicada e minuciosa pero... non debes ser tan lenta nas túas reaccións. Xa sabes... el pode vir por ti, estará desexando que bebas sangue de gato negro para escravizarte. E de xeonllos, nin para pintar.

Como, loxicamente, a moza do cadro permanecía impasible, dirixiuse a outra muller doutra pintura:

—Antolina, ¿fíxeches o que tes que facer? Fas ben en ocultar o polgar se non queres ter problemas co noso amo e señor..., que non che faga o que a min me fixo —abriu as mans.

Foi entón cando me fixei. ¡Non tiña polgares! E aínda que a distancia non me permitía observar con nitidez, ben se notaba que eran deformes, con dedos retorcidos que parecían non corresponderlle.

A min soábame a súa cara. ¿Onde vira eu aquela muller que parecía calva? Agora ben me decatou... Levaba unha blusa clara, de xeneroso escote, que lle deixaba un ombreiro ao aire e unha saia vermella de amplos voos. Non entendo moito diso, pero diría que estaba preñada.



A muller aínda se volveu cara a outro cadro, e falou, e falou...

—E ti Luís, quixeches apreixar as cores dos mortos para lerlle ao neno a túa *Sombra do aire na herba*, ¿non si? Claro...

¿Que che importan as horas?

O son das túas campás

caeuse lonxe no camiño.

Ti vas cun saco de sombras

ao lombo.

Eu quedei chantado na entrada da sala, fascinado polo que vía. Aínda me súan as mans. A muller baixou a voz para lle bisbar nun reproche dorido e rouco:

—Non te queixes Luís Pimentel, porque es home, deixáronte ser poeta. Eu..., por ser poeta, só me deixaron ser meiga. Nin sequera me foi permitido máis nome ca un alcume. Soíña..., iso é o que son, iso é como estou... soíña. Pensei que Cunqueiro, descanse en paz, me ía salvar cando asistiu, no 1972, a aquel primeiro Congreso de Bruxoloxía de San Sebastián —e volveu subir o ton—. ¡Trescentos anos, apreixada polo maligno!

Ven se vía que desvariaba. Púxenme a facer fotos co móbil, inon saía! Ela non saíu.

Quedou mirando o neno Xesús do cadro cun sorriso bendito, iluminado. Cunha man tapáballe os ollos, coa outra acariñou o seu propio ventre con aqueles dedos asimétricos e unha dor calada engurroulle a fronte cando deu en dicir:

—¡Máis de tres séculos agardando un feitizo que rompa esta maldición! Deixaríame morrer na fogueira da Inquisición como ánima en pena de non ser por ti, meu tesouro. Xa te tiña nas entrañas... e houben de facer un trato co maligno. Non atopo o momento de mostrarche o mundo. Teño medo. Tanto tempo vagando entre as *bubolas* de Cataluña, as *sorguiñas* do País Vasco, as *witchs* de Irlanda, as *xanas* de Asturias... ¿De que me serve, meu ben, que na pintura me deixen un oco se nunca poderei mirar un neno aos ollos sen ferilo? ¿Como vou permitir que o amo me faga devorar as túas entrañas e beber o teu sangue? Por iso, meu neno, non podo permitir que medres dentro de min... Por iso te deixo estar aquí, eternamente no meu ventre, protexido...

Pareceume unha muller perturbada. Pero, ¿por onde entrara? Observeina con compaixón silandeira.

De súpeto decatouse da miña presenza, vol-
veuse e lanzou un berro de dor. ¡Recoñecina!
Era a do cadro baleiro, esta mesma que teño
agora perante miña. Un angustioso calafrío per-
correu o meu corpo. Ela, cun ricto serio e uns
ollos ausentes, díxome:

—¡Fuxe! ¡Agóchate del e do seu séquito! Sín-
too choutar onda o pozo, vén cara acá. ¡Vaite!,
non me mires aos ollos que non quero facerche
mal. Busca unha cruz e agóchate na cociña.

A min non se me ocorreu outra cousa máis
ca coller o cruceiro de Castelao e correr cara a
onde me indicou. Alí só atopei un esconde-
doiro: a lacena. Saquei as garrafas de auga e o
xerro con aquel líquido noxento e, aínda así,
houben de facer verdadeiros exercicios de con-
tortionismo para caber alí.

Agardei.

.....

Nin mergullado nunha piscina fora quen de
conter tanto a respiración. O corazón saíame
fóra. Sentín unha algareira de chíos que se ache-
gaban e arrimeei a porta canto puiden. Unha cla-
ridade de velas entrou na cociña e deu comezo



unha estraña cerimonia. Dende o meu refuxio podía velo case todo. Unhas mozas, entre as que recoñecín a de Nespereira e unha de longa melena e vestido encarnado, que Xurxo chama a Xitana de Xulia Minguillón, e outras que tiñan os vestidos negros e a cara pálida coma o retrato da nai de Tino Gandio, danzaban en roda, de costas, emitindo berros histéricos. ¡Incríble! No medio, un castrón con movementos de humano fixo un aceno. Daquela recoñecín a Soíña, que colleu a xerra e deulla. O repulsivo animal dáballes de beber a todas; elas, posuídas, íanse poñendo de xeonllos e bicándoo naquel traseiro nu que emanaba gases de xofre, mentres el as rabuñaba no ombreiro co pezuño, marcándoa coma reses.

—¿Estás segura de que este é sangue de gato negro? ¿Non será viño tinto? ¡Que noxo! — increpouna mentres achegaba a xerra aos seus repugnantes fociños—. ¿E cando pensas parir para dar-me as vísceras do teu bebé? ¡Faltas ti por beber, Soíña!

A muller abriu a portela, arrincoume o cadro das mans e encarou con el contra o demo.

—¡Nunca máis, renegado sexas! Prefiro que se eternice a túa maldición.

No mesmo instante aquelas mulleres soltaron as velas e, convertidas en morcegos asustados, fuxiron voando e chiando. Un lume instantáneo transformou o demo nun puñado de borralla. Soíña varreuno todo e recolleuno nunha cunca de barro. Vin como a metía no pote máis grande da lareira.

—Ben sei que emerxerás das cinzas, ti xa non me enganas... —augurou.

Coas velas fixo outro tanto. Apañounas do chan e meteunas nalgún sitio da cociña. Non puiden ver onde. Fun abrindo máis a porta. Ela sentou nunha cadeira e pechou as pálpebras. Parecía esgotada. Aproveitei para saír, non aturaba máis aquela postura. Ela non abriu os ollos, non precisou abrilos para saber que eu estaba alí.

—Lévame á miña sala —faloume con fatiga—. Non quero mirarte, aínda es moi novo e prefiro perpetuarme no cadro ca facerlle mal a ningún rapaz. Renuncio a ese anaco da vida do que dispuxen ata hoxe: unhas horas polo Nadal. Non quero volver importunar a todos os que, coma min, nacestes neste día. Non atopo outra solución. Axúdame.

Cando fun incorporala, notei que non pesaba nada. Desprendía o perfume máxico das pinturas antigas. Acompañeina ata onde ela me indicaba. Ao entrar na sala seis, derramouse no chan coma se fose auga. Quíxome falar... Xusto nese intre chamoume Xurxo. O son do móbil mesturouseme co final dunha frase súa "...pintado polo diaño". Funlle abrir e fíxeno correr detrás de min ata aquí. Non había nada no chan. Xurxo insistiu en me levar polas diferentes salas, nun percorrido rápido e urxente, para que comprobase que todo está en orde.

Cando mirou o cadro de Castelao na cociña, alporizouse:

—¡Este Santos non vai ter remedio! Agarda un intre que o vou levar ao seu sitio.

¿Que podo facer? ¿Vaime crer?

Non quero falarlle máis disto ata que teña en orde os indicios. Hei de ir visitar o Santos antes de nada, a ver se hoxe é o seu aniversario...

Agora estamos aquí meu tío e mais eu, os dous cos ollos cravados na muller en éxtase que non quere mirarnos. Ben sei da súa historia.

Dependendo do que atope... Despois... despois falamos.

Autor:

Xosé A. Neira Cruz

Ilustracións:

Javier Huerga García

*O anel
dos destinos
cruzados*





Unha figura sombría agardaba a poucos pasos da entrada do Museo Provincial de Lugo.

Comezara a chover minutos antes. Unha chuvia xeada, neve licuada, que anunciaba unha noite aterecida. Impasible ao trebón, a figura seguiu agardando a pé quedo, case inmóbil, coa ollada fixa na porta de entrada do recinto que levaba espiando desde había case unha hora. Só cando as badaladas da catedral tan próxima empezaron a dar as menos cuarto, o estraño pareceu acordar dun fondo letargo que nin a chuvia fora quen de espantar para, sen présa, encamiñarse á entrada do Museo. A súa interminable gabardina, prolongada cara á parte superior nun sombreiro de á ancha que impedía albiscar as faccións daquel rostro anónimo, tiña continuación nunha das mangas nun maletín de pel de tamaño mediano, tan inmóbil coma a figura enteira que termaba del, un engadido ortopédico soldado a un ombro e privado de calquera animación humana.

—Señor, é case a hora de pechar —anunciou a conserxe ante a serodia presenza do acabado de chegar.

—Polo meu reloxo faltan exactamente nove minutos e trinta e cinco segundos para o peche

—cortou o descoñecido cun eco de voz xeadamente metálico.

A muller ficou indecisa un momento, sorprendida pola frialdade da resposta e, á vez, estarecida polo brillo feroz daquela ollada que nin sequera fora quen de enxergar de fite.

Finalmente, cun breve tremido de pulso, tendeu ao desagradable visitante un anaco de papel de cor sepia —a matriz de entrada que lle correspondía— que, sen sequera ela aprecialo, quedou a aboiar lenemente no aire trazando unha caída irremediable cara ao chan.

Cando o contacto do papel co enlousado de granito se produciu, un pé do estraño xa pousara no primeiro banzo da escaleira que conducía ao andar superior do museo. Nese preciso momento, a man da conserxe, repostada do momentáneo e desacougante calafrío, premeu nun dos botóns do aparello de telefonía móbil que tiña canda ela sobre o mostrador.

—¿Osorio... ? Ola, son Lola.

—...

—Non, non sucede nada. Só é que... Vai un home para aí arriba. Un alto con chapeu e gabardina. Non lle perdas ollo.

—...

—Eu que sei... Non me fagas moito caso. Só que non me deu boa espiña. Por se acaso non deixes de...

O *clic* de remate de conexión resoou no oído da conserxe un par de segundos antes do momento en que debería producirse. Foi só iso, unha fracción de tempo insignificante. Pero abondo significativa para que a muller abrise os ollos máis da conta e ficase a ollar para o teléfono coma se aquel acabase de tomar vida propia.

—Deixoume coa palabra na boca —borboriñou a conserxe para a súa lapela, entre contrariada e sorprendida.

Estivo a piques de accionar o botón de rechamada, pero entretívoa o saúdo de dúas compañeiras do Departamento de Documentación que nese momento se dispoñían a saír.

—Seica viches o lobo, Loliña? —dixo unha refreando o paso—. Estás máis branca ca unha saba, miña filla. Ti non falarás con aparecidos, ouh?

A outra riu ás gargalladas a ocorrencia, cun cacarexo que resultou raro, non pola risada en si

senón por algo que quedara no ambiente e que a duras penas pegaba con calquera manifestación de alegría.

—Non... —dubidou un intre a conserxe, pero o pálpito de querer dicir algo, confesar un súpeto presentimento, pedir axuda e compañía sen saber por que, quedoulle afogado no medio da gorxa ao se cruzar coa voz da racionalidade—, non... nada. Éche este frío que me come. Abrigádevos que aínda ha nevar.

—E ti esperta, muller —muiñou a outra xa case fóra do recinto— Bótalle unha miga de colorete a esas fazulas antes de saír. Que como te vexa así o mozo aínda che ha coller medo.

Aquela palabra tan pequena, de catro letras apertadas, cobrou outra dimensión cando Lola se decatou da realidade: de que efectivamente estaba soa, que aquelas dúas compañeiras eran as que faltaban por saír e que lle cumpría agora empezar co ritual do peche. Só quedaba ela... e Osorio, claro.

Consultou o reloxo. Faltaban trinta e cinco segundos para as oito. Unha luzada de rabia tornou por un momento o proído do pavor que, coma unha mancha de aceite invisible, a estaba a enchoupar e a reducir á completa inactividade.

—Este vaime oír —resmungou—. Xa tiña que estar botando ese prea a fume de carozo, que logo dannos as tantas e aínda estamos dentro.

Accionou de novo o número do compañeiro que facía garda no primeiro andar. No canto da súa voz, oíu a dunha muller bastante mexeriqueira que lle dicía, como quen canta, que o teléfono ao que chamaba estaba apagado ou fóra de cobertura.

—O que me faltaba... —salaiou Lola, mirando de novo impaciente o reloxo.

Fóra resoaron as campás das oito. Por primeira vez lamentouno. Nunca pensara que podería lamentar que chegase a hora de marchar do traballo. De ter que botar aquel portón para comezar a activar as alarmas e saír ela mesma pola porta lateral. No entanto, naquel momento daría algo por poder continuar alí, sen ter que pensar por que o móbil de Osorio non respondía e que ía facer ela agora, con aquel teito de premonicións fatais sobre a cabeza.

Finalmente, de todos modos, impúxose a lóxica.

—Aquí non pasa nada —falou para si con firmeza—. Pero que contra me está a pasar? Parezo parva...

Pechou a porta, botou os ferrollos e volveu chamar ao número do garda de seguridade.

De novo, a voz conxelada da antipática aquela da caixa de voz a facerse a agradable.

—Isto segue morto...

Outra palabra curta e contundente que, ao contacto coa bóveda de pedra, se empezou a facer enorme.

Un andar máis arriba, o corpo dun home que aínda non alcanzara os corenta e que, en vida, se habituara a responder ao apelido de Osorio, compoñía a figura máis estrafalaria que cadáver ningún pode esperar ter que adoptar, deitado debaixo dun bargueño do século XVI que se convertera, sen el desexalo, no seu improvisado dosel funerario.

Naquela postura, inusual e obscena, atopouno Lola Serantes cando, coa lentitude coa que o medo engoma as pernas, rematou de subir as escaleiras e asomou pola primeira galería, co nome do compañeiro pendurado dos beizos nun medio murmurio. Lola necesitaría un minuto ou dous máis para decatarse de que o home nu que estaba debaixo do bargueño toledano era Osorio, ou o que quedara del.

MUSEO PROVINCIAL



Pero alguén lle aforrou o horror da dedución a cambio dunha empurrada sen retorno cara á nada.

Pitágoras naceu en Samos, illa do mar Exeo, no século sexto antes de X. C., aprendeu con Thales, Primenides de Creta, famoso por espertar despois de durmir cincuenta e sete anos seguidos; Pherecides de Ciros e Bias de Priena. Viaxou por Exipto durante o reinado de Amasis, a quen o recomendou Policrata, rei de Samos. Atopábase alí cando a expedición de Cambises, que o levou prisioneiro a Persia, o que lle proporcionou ocasión de visitar as Indias. Coa sabedoría de tantos pobos como coñecera, volveu a establecerse en Italia, vivindo xa en Crotona, xa en Metaponto, xa en Thurium. Tivo a gloria de darlles nome ás dúas cousas máis sublimes que existen, o de “filosofía” ao estudo da sabedoría e o de “mundo” ao Universo. Sobre a súa morte unicamente se sabe que tivo lugar cara á olimpíada 69 (500 anos antes de X. C.) e que tería uns cento e catro anos (1).

—E di vostede que a notou rara?

Luísa Rosende tomou un grolo da infusión morna que tiña entre as mans antes de asentir. Non podía dar creto ao que estaba a suceder. Xa se decatara de que algo estraño acontecera nada

máis chegar ao Museo aquela mañá. A presenza dos coches da policía á porta do edificio fixéralle entender decontado que algo grave a agardaba no seu posto de traballo. Emporiso, a última persoa na que pensara fora Lola. Lola e Osorio... Meu Deus, que horror!

Luísa tivo que limpar unha bágoa que, sen decatarse sequera, cruzara a súa meixela e agora lle andaba preto da comisura dos beizos.

—Acougue, por favor. Tome todo o tempo que precise —indicoulle o axente que a estaba a interrogar.

Ao seu carón, sentada diante da mesma mesa, coas mans a apertar ambos lados da cara, como se necesitase tanxela para sentila, estaba Rosa Loureiro. Ela e Luísa despedíranse había menos de vinte e catro horas de Lola, á porta do Museo. Sen saberen que aquela sería a derradeira vez en que poderían falar con ela.

Alguén petou á porta nese intre.

—Descúlpenme un momento —murmurou o tenente.— Agora volvo. Se queren vaian tomar un pouco o aire, pero non se ausenten moito tempo.

Fóra agardaba por el o axente Ramírez, acompañado dun home duns cincuenta anos

que, nada máis ver o tenente, lle tendeu a man con afabilidade.

—Como vai iso, Ramírez?

—Pouca cousa, tenente Ferreiro. Por non dicir nada...

—Nada? Algo haberá...?

O outro encolleuse de ombros antes de continuar.

—Nos cadáveres non se atopou nin a máis mínima pegada. Ningún corpo estraño. Coma se ninguén os tocasse...

—Pois vaia se os tocaron...

—Cale, cale... Nos anos que levo de profesión non vin carnicería coma esa. E mire que xa vin eu cousas...

—E logo?

A pregunta ficou a aboiar no aire.

Polo corredor, apareceu apresuradamente outro axente acompañado dun home de mediana altura vestido cunha bata branca. A cara de acontecementos do axente e mais a urxencia do seu paso concitou a atención dos outros dous.

—Algo novo? —espetou o tenente Ferreiro mirando para o seu subordinando.

—Seica si, señor. Preséntolle o doutor Ramos, director da sección de Arqueoloxía do Museo...

Os homes déronse a man de forma fugaz, mentres o axente seguía falando.

—O doutor Ramos acaba de advertir a ausencia dunha peza nunha das vitrinas do primeiro andar, non lonxe do lugar dos feitos.

—Falta desde onte?

—Non o podemos asegurar —interveu o doutor evidenciando certo nerviosismo—. O certo é que, ata hoxe, nunca a botamos en falta.

—Comprendo... Vexamos.

Pitágoras non admitía na súa escola a toda clase de oíntes, nin se comunicaba, senón que esixía o silencio e o segredo: tampouco escribiu e a súa doutrina mantívooa oculta. Pasou por feiticeiro e encantador, porque residira moito tempo en Exipto e exercitárase na lectura dos libros de Zoroastro, onde é probable que aprendería a propiedade de certas herbas que el chama

“coracssia”, “gallicin”, “menais”, “corinthas” e “áproxis”, das cales as dúas primeiras xeaban a auga meténdoas nela, as dúas seguintes tiñan unha virtude moi singular contra a picada das cobras, e a última inflamábase de súpeto en canto vía o lume, por lonxe que fose. Ademais, nun dos seus símbolos prohibía expresamente o uso das fabas, que el facía ferver e as poñíaas algunhas noites á lúa, ata que por un gran efecto de maxia se convertían en sangue (...) A isto hai que engadir que (...) detivo o voo dunha aguia, domesticou unha osa, fixo morrer unha serpe e botou un boi que estragaba un campo de fabas pola soa virtude de certas palabras. Ademais, presentouse nun mesmo día e á mesma hora nas cidades de Crotona e Metaponto, e prognosticaba as cousas futuras...” (2)

O doutor Ramos tendeu sobre a mesa do seu despacho unha fotografía en branco e negro grampada a un informe mecanografado. O tenente Ferreiro colleu o documento e fitou con atención o obxecto fotografado. Parecía tratarse dun estraño anel antigo que, a simple vista, creu tallado en bronce. O aro de metal estaba rematado, na parte frontal, cunha pequena figura na que, sen ser experto no tema,

o policía recoñeceu trazos que lle pareceron familiares a simple vista.

—É exipcio? —preguntou mirando o doutor.

—Podería selo...

—Non o saben de certo?

—Na nosa disciplina é moi difícil chegar a saber algo de certo, axente. Temos hipóteses, suposicións e unhas cantas certezaas.

—Fáleme destas últimas...

—Foi atopado en Lugo hai poucos anos por un dos meus colegas do Museo, nunha escavación realizada na rúa Doutor Castro. Desde entón forma parte dos nosos fondos, se ben está exposto desde hai relativamente pouco. Sabemos que é obra romana, pero a inspiración exipcia é evidente, como vostede mesmo se decatou. Desde logo, trátase dun obxecto extraordinario...

—Por que o di?

—Por varias razóns, tenente. Primeiro pola súa calidade. Cate que se trata dunha peza de prezo. Non foi atopada ata o de agora ningunha outra destas características de resolución

tan fina e conseguida. Ademais, é un obxecto estraño. Realmente, non sabemos para que se utilizou...

—Non é un anel?

—Iso parece a simple vista. Pero non, non pode ser un anel. O aro é grande de máis. Pero enriba presenta outras peculiaridades... Por aquí —o doutor sinalou unha parte lateral do obxecto coa axuda do extremo dun bolígrafo— ten unha engrenaxe, unha especie de pequena bisagra que permitiría abrir o aro. E na parte baixa do relevo aparece outra pequena roda que, se non nos equivocamos, podería servir para abrir unha especie de espazo oculto.

—Un espazo oculto?


—Si. Non logramos abrílo nunca, pero os estudos radiográficos permitíronnos comprobar que efectivamente entre o relevo e o aro se atopa unha cámara oca.

—Con que finalidade?

—Non o sabemos, tenente. Só podemos barallar algunhas suposicións...

—Cónteme algunha delas, por favor...

—A primeira, a máis evidente: este obxecto



tiña unha dobre utilidade. Podería ter sido unha especie de cadeado...

—Un cadeado? Curioso...

—Si, moi curioso. Un cadeado de particular luxo e deseñado para manter ben gardada algunha propiedade. Para pechar un estoxo, por exemplo. Algún contido de valor, sen dúbida. A imaxe do pequeno relevo non ten cara de bos amigos, como pode advertir. Trátase dun aviso para os curiosos en exceso.

—Moi interesante...

—Pero se non abundaba a mensaxe implícita na escultura para disuadir os amigos do alleo, quizais contase con algún resorte oculto que, ao tentar abrir o cadeado, franquease a cámara pechada liberando algunha substancia tóxica.

—Un veneno?

—Por exemplo. Matarratas para cacos, vamos. Os pobos antigos chegaron a acadar unha sofisticación abraiante na fabricación deste tipo de produtos. É tamén unha refinadísima crueldade. Imaxine unha substancia destinada a queimar os dedos do profanador, ou a infectalos con algún líquido ou po que, en contacto cos alimentos, coa boca ou con algunha ferida, lle producise a morte.



—Drástico remedio contra os ladróns, si...

—Para outros estudosos, no entanto, esta peza ten unha clara utilidade máxico-relixiosa. Vincúlano a rituais de iniciación, a prácticas sectarias, a segredos esotéricos que lamentablemente non chegaron ata nós.

—E vostede que opina?

—Eu... Verá, tenente, este traballo noso precisa dunha alta capacidade de observación. E tamén do cultivo da conxectura con fundamentos científicos. Cando hoxe pola mañá souben o que lles acontecera a Osorio e a Lola a noite pasada, e a forma en que foron atopados... non sei como, pensei de inmediato nesta peza. A relación foi instantánea. De aí que decidise comprobar se seguía no seu sitio e que, dese xeito, advertise a súa desaparición.

O tenente mirou de fite ao doutor e este advertiu o veo do asombro mesturado coa dúbida e a suspicacia naquela ollada afeitada, polo demais, a demostrar a maior das inexpresividades.

O número intelectual subsistía ante todas as cousas no entendemento divino; el é a base da orde universal e o lazo que une as cousas. O número científico é

a causa xeradora da multiplicidade que procede da unidade e nela se resolve. É necesario distinguir a unidade da arte; a unidade pertence aos números e a arte ás cousas numerables. (...) Cada número, como a unidade e o binomio, ten propiedades que lle dan un carácter simbólico que lle é particular (...). Pitágoras vai proseguindo deste modo ata dez, atribuíndolle a cada número calidades aritméticas, físicas, teolóxicas, morais e máxicas (3)

Debuxado no piso con trazos de xiz, podía-se advertir aínda a estraña, repulsiva figura que o corpo do garda Osorio compuxera despois de morto polo macabro capricho de alguén que, presuntamente, o estrangulara antes coa facilidade coa que unha man esfarela un ovo cocido. Alguén de extraordinaria forza tronzáralle o pescozo sen apenas darlle tempo a este de xebrar a sorpresa da dor. Despois, con terrible precisión, fora espido, colocado debaixo do bargeño, coas pernas abertas nos xeonllos e unidas polos calcaños, unha man situada nos xenitais e a outra estricada cara ao alto. O arrepiante *rictus mortis* do rostro remataba aquela estampa digna dun catálogo de obscenidades.



Pola súa parte, Lola Serantes fora igualmente estrangulada por aquela man de ferro para, acto seguido, ser guindada a rolos polas escaleiras ata ficar tendida, cabeza abaixo e boca arriba, nos últimos banzos, igualmente núa, coas pernas en idéntica disposición ás do seu compañeiro, pero, se é o caso, cos brazos abertos en cruz.

Ademais, houbera dúas vítimas máis naquela noite de pesadelo.

Un pequeno Neno Xesús de porcelana, ollos estarrecedoramente abertos e pelo natural —eses cabelos dondos e suaves que deixan os cativos mortos para agasallar coa súa beleza as representacións de Deus— completaba o itinerario dantesco trazado por aquel maxín enfermizo. Igualmente desposuído das súas vestiduras, coas pernas crebadas para compoñer a postura xa esgrimida polos cadáveres, mantiña os seus brazos abertos acompañados dun terceiro arrincado a un anxo agora manco. E a carón seu, unha virxe barroca, igualmente coa roupaxe esgazada, seguía a orde establecida, se é o caso cos dous brazos que lle eran propios máis outros dous que pertenceran a unha santa Tegra maltreita.

“A Tétrada ou o Cuaternario, que expresa a primeira potencia matemática, representa tamén a virtude xeradora da que derivan todas as combinacións. É o número máis perfecto, e a raíz de todas as cousas.” (4)

O tenente Ferreiro meditaba sen parar de mirar a foto do anel ou cadeado desaparecido. Había algo fascinante naquel rostro exipcio trazado con rudeza non exenta de graza. Meditou nas relacións numérico-máxicas daquel crime, na súa dimensión figurativa, nos contidos implícitos que o doutor Ramos fora quen de esmiuzar con argumentos cambaleantes pero de interese. Se ben aquel tipo de explicacións non adoitaban formar parte dos seus presupostos, o tenente Ferreiro pensou por un momento que non sabemos case nada, malia crermos saber tanto, e tamén que a vida e a morte están cheas de misterios insondables. E aquel obxecto, en por si, era sen dúbida un deses misterios sen solución. Un enigma. O tenente Ferreiro, nos seus silencios prolongados, era un pouco dado a filosofar. Sobre todo cando a máis exasperante das incógnitas levaba facéndolle dar paus de cego

que non conducían a ningures. Os seus superiores, o alcalde da cidade, os medios de comunicación e a cidadanía clamaba pola resolución do caso do Museo Provincial de Lugo, que lamentablemente transcendera e ameazaba con se converter nunha perigosísima bóla de neve capaz de levar por diante o seu ben gañado prestixio, froito de tantos e calados anos de abnegado traballo.

Fronte ao máis que razoable silencio do tenente Ferreiro —cando non hai nada que dicir, mellor calar, velaí a súa máxima— medraban, en comentarios e titulares de prensa, as máis arriscadas das suposicións.

Crime do Museo Provincial de Lugo: A policía, bloqueada

Como é posible que alguén que asasina dúas persoas e manipula os seus cadáveres, así como distintas pezas do museo non deixase nin a menor das pegadas no seu traxecto?

O tenente Ferreiro admiraba a perspicacia dos xornalistas. Aquel tesón en dicir obviedades. Unha redundancia cismona ata a náusea. E sobre todo a falta total de escrúpulos. Entre

as últimas achegas xornalísticas destacaba un globo sonda ceibado había pouco: seica alguén podía limpar as probas horas antes de chegar a policía.

Con que obxectivo? Hai algún cómplice da matanza próximo aos círculos do museo?, seguía preguntando en voz alta desde a súa columna o sagaz cronista de servizo.

—Merda de xuntapalabras —bradou o tenente afastando da súa vista aquelas páxinas ferintes.

Nese intre, soou o teléfono. Ferreiro sabía quen podía ser. Mirou para o teito —sería perfecto que naquel mesmo intre puidese esborrallar sobre a súa cabeza, todo resultaría máis doado ca ter que aturar aquela conversa— e alzou o auricular.

—Xesús Ferreiro, diga...

“É necesario ter debaixo da lingua unha folla de ouro en figura de estrela de media polgada de diámetro e debaixo da planta dos pés un anaco de pano de tumba; ademais, ter na man unha vara de abeleira rodeada co



anel sagrado e absterse do trato das mulleres por espazo de trinta e cinco días, porque trinta e cinco é múltiplo de sete, que é número poderoso. Poñéndose entón baixo a dominación dos astros favorables aos sortílexios, fai un cousas prodixiosas.” (5)

Despois da treboada, coma sempre, a calma. Neste caso, o acougo. Esa media ducia de argumentos que serven para reconstruír a sensación de seguranza, mesmo aínda que o chan non exista baixo os nosos pés. De ilusións tamén se vive. Velaí a máxima, non do tenente Ferreiro, desta vez, senón do seu superior político no concello.

A ilusión de ter todo baixo control.

Mesmo a unha besta invisible que unha noite de inverno recrea, no recinto dun tranquilo museo provincial, os indicios da apocalipse descrita por san Xoán nese libro estraño que ninguén comprende e que, no entanto, tanto leva fascinado. Saber que todo vai ter un final é sempre un consolo.

Xa que logo, mentres un asasino perigoso, unha animalia ou un ser do outro mundo campaba polos seus respectos, as olladas da sospeita fóronse fixar no cabo do fío que servía para

coser un remendo. Cando non hai tea, calquera mal zurcido abonda.

(a mecha)

—Aquel tipo facía demasiadas preguntas sobre o anel, lémbroo perfectamente.

—(...)

—Veiu un día, con dúas mulleres. Unha visita anódina. Pero regresou ás poucas semanas. Procuraba máis detalles. Seica falou con alguén do museo.

(a barrica de pólvora)

—Si, lémbroo perfectamente.

— (...)

—Era un home novo, duns trinta e algo de anos. Máis ben alto. Estivo a esperar por min aí, un anaco, na salíña, mentres eu remataba a miña clase da tarde.

— (...)

—Non sabía quen era, non. Chamara un día antes. Dixo que era escritor, que estaba a escribir algo sobre o anel. A min chamoume a

atención o seu interese. Case ninguén reparou nesa peza desde que a expoñemos. Pero el parecía ter fixación con iso. Non deixaba de miralo mentres eu lle facilitei a pouca documentación que consta no noso poder sobre o dito obxecto.

—(...)

—Perigoso? Non..., non sei que dicir. Parecía mesmo un pouco tímido, como retraído. Pero tiña unha forma de mirar estraña.

—(...)

—Non, o seu nome non o lembro... A verdade non lle volvín prestar atención ao asunto. Soamente volvín saber del a través dun xornal, semanas despois. Seica escribiu un conto cuxa temática é o poder maléfico da peza, ou algo así...

(o misto)

Un escritor galego, principal sospeitoso dos crimes do Museo Provincial de Lugo

Lugo (redacción)

X.A.N.C., xornalista e escritor galego, acaba de pasar a disposición xudicial como principal sospeitoso do crime acontecido o pasado mes de xaneiro no Museo Provincial de Lugo. A policía púxose detrás da pista a partir dos datos facilitados polo doutor Xosé Ramos, arqueólogo ao servizo do museo dende hai dous anos. Segundo se puido saber por fontes policiais, o detido manifestou obsesivo interese pola única peza desaparecida na noite do crime, o anel-cadeado do relevo exipcio. Coa escusa de conseguir a máxima información sobre a dita peza, o sospeitoso chegou a visitar o museo en repetidas ocasións, solicitando asesoramento dalgúns dos expertos do dito centro. A última vez que X.A.N.C. merodeou polas instalacións do museo foi exactamente unha semana antes de acontecer a terrible masacre na que foron asasinados Luís Osorio e María Dolores Serantes, traballadores do Museo Provincial de Lugo.

Afeccionado á historia e bo coñecedor das etapas exipcia e romana, o detido xustificou que andaba a traballar nun proxecto literario sobre o tema. No entanto, a policía non descarta vinculacións do detido con sectas satánicas e ritos de ocultismo, liña de investigación na que se traballa actualmente.

“Chegaremos ao fondo deste asunto”, declarou o alcalde co gallo da toma de posesión do novo tenente da policía, Sebastián Salinas Rubín, quen substitúe no cargo a Xesús Ferreiro, recentemente xubilado.

Postos en contacto con Sara Leal, avogada de X.A.N.C., declinou facer calquera declaración a este xornal. X.A.N.C., de 37 anos e natural de Compostela, é coñecido pola súa dedicación á literatura infantil e xuvenil e, nos últimos tempos, tentaba abrir camiño como escritor de novela negra.



Xesús Ferreiro notou a gorxa seca e a vista anubrada. O primeiro acostumaba pasarlle cando cambiaba o tempo. O segundo, cando a rabia, malia todos os intentos por desabafala, non conseguía alterar a súa consolidada flegma.

Coa páxina de sucesos aproveitou para recoller os excrementos que o seu can Rus acababa de defecar, xusto alí, no céspede do parque. Dous excrementos redondos coma esferas perfectas e pulidas na súa semellanza. Dous, o binomio... desta volta Lola e Osorio, dúas simples engrenaxes da gran cadea de mortes inocentes dos que, sen ter coñecemento empírico dos feitos, ousaban achegarse á comunidade do amuleto... *“porque todos os que enzoufaren o amuleto coas súas mans deben morrer”*. Así o escribira o sabio e así o executaban os seus adeptos.

—Este Rus...

Agochou baixo do xornal a copia dos apuntamentos que o doutor Ramos escribira respecto da restauración dalgunhas pezas, entre elas o anel-amuleto, e que lle fora facilitada por Rosa Loureiro e Luísa Rosende, as dúas rapazas do Departamento de Documentación, contribución á que accederan soamente como tributo póstumo á súa amizade con Lola

Serantes. Logo botouse a camiñar os trinta e cinco pasos que o separaban do seu portal, “*trinta e cinco é múltiplo de sete que é número poderoso*”. Antes de entrar na casa, guindou cun xesto impotente o xornal e mais o cartafol dos apuntamentos ao lixo e alegrouse de ser un home vello, con can, sen fillos nin muller, que paseaba con dignidade o baleiro que se estende entre a indiferenza e a desesperación.

NOTA: As citas numeradas do 1 ao 5 foron tiradas da obra de Hortensio Flamel *El libro negro o la magia, las ciencias ocultas, la alquimia y astrología, con secretos y recetas admirables, sacados de los más célebres autores cabalísticos tanto antiguos como modernos*. Barcelona: Imprenta de Manuel Sauri, 1866, 5.^a ed.


Autor:

Antonio Reigosa


Ilustracións:

Javier Huerga García

O pozo dos desejos







Dígovos que foi coma unha puñada a traizón, desas que se dan polas costas sen avisar. A arma asasina viña disfrazada de carta certificada co anagrama da empresa e entregouma en man esta mesma mañá, a iso das nove e media, Pedro, o notificador habitual de asuntos internos. Asinei o xustificante de recepción onde me indicou e descoidei abrir o sobre ata que rematei de atender un par de chamadas de centros escolares que desexaban concertar unha visita ao museo. Eu estaba tranquilo, por que non ía estalo!, e nunca sospeitaría, nin que lle botase presadas de imaxinación, as malas novas que me agardaban no interior.

Non sei se sabedes que levo vinte e moitos anos traballando como guía no Museo Provincial de Lugo e desde o primeiro día e ata só uns segundos antes de comezar a ler a maldita carta asegurariávos a vós e a quen mo preguntase que estaba contento co meu oficio, e mesmo, se me apurádes, xurariávos e perxurariávos que ata podería fachendear co resultado do traballo desenvolto en tantos anos. Agás algún que outro desencontro, que algún houbo, para que o vou negar, ao meu parecer irrelevante e xa esquecido, sempre me levei ben con todos os meus compañeiros

e compañeiras, e parecíame, aínda que eles nunca chegaron a dicirme, que os sucesivos directores que foi habendo quedaron compracidos do meu rendemento. Dos visitantes do museo tamén teño recibido abondosas mostras de agarimo e agradecemento, o que relega á categoría de anécdotas as poucas queixas que eu supuña que puidese haber de min en todos estes anos.

Iso era o que eu pensaba do meu traballo, dos meus compañeiros e dos meus superiores antes de rachar o sobre, e iso sería o que vos diría se tivésedes curiosidade por coñecer a miña opinión sobre o asunto ata unha miguíña antes de comezar a ler aquelas liñas. Agora sei, en mala hora o aprendín, o equivocado e inocente que vivía!

Xa sabedes que na prosa oficial as letras aseméllanse moito a eses grans graxentos que agroman na cara dos adolescentes coma as malas herbas nas leiras a barbeito; cada páxina semella unha cortiña chea de nervias con regular aparencia na parte que sobresa da tona, pero por debaixo, onde enraízan e zugan, sabe Deus que malurias traman. Liñas e liñas redactadas á mantenta para que haxa que espremer os miolos



unha e mil veces en cada parágrafo; e aínda así un non acaba de entender o que din ata que alguén experimentado lle abre os ollos.

—Van por ti! —dixo, coa boca das verdades indiscutibles, o meu compañeiro Xosé Manuel.

Para que vexades que o que vos digo é así e non produto da miña imaxinación, atendede que vos leo un anaco.

»Á vista dos cargos presentados contra Vde. pola directora do museo dáselle a coñecer que con esta data se lle incoa un expediente administrativo por reiteradas faltas tipificadas como moi graves nos artigos 1.3, 2.7 e 16.2 no Regulamento de réxime interior...».

A seguir viña unha poulada de preceptos e obrigas que ao parecer non respectara e, despois, unha longuísima listaxe con todas as faltas, moi ben ordenadas por datas, con extensa descrición en cada caso das circunstancias e probas que dicían ter contra min, así como a cita exacta dos artigos da Constitución, da Lei da función pública, do Estatuto dos traballadores e ata do Convenio colectivo que eu, polo visto, decidira ignorar olímpicamente desde a prehistoria da miña historia no museo.

Non acordaba asinar compromisos tan serios co meu país, nin coas súas leis, co xefe de Estado, co goberno en pleno e demais autoridades habidas e por haber.

O único que teño na memoria, véuseme á cabeza despois de ler aquilo e xa veredes despois o moito que vén a conto, é un ritual que fixen o primeiro día de traballo no pozo que hai no claustro do antigo mosteiro que ocupa agora o museo. Nunca crin, nin agora nin daquela, nesas supersticións pero polo si ou polo non, e como ningún mal me podía traer, fun alí e pensei os tres desexos preceptivos antes de botar unha moeda polo peitoril.

Aínda teño fresco o estarabouzo que fixo aquel *peso* dos de antes ao bater dentro do caldeiro de ferro galvanizado que había, e hai, aínda que ninguén o use, para sacar a auga do pozo. Non sei se revelándovos agora o que deseiei entón incumpro contrato con algún ente ou espírito, ou con algún innominado ser virtual ou sobrenatural con competencia nestas cousas. De todas todas, dígovos que primeiro pedira pola saúde, logo que a sorte non me abandonase no traballo nin na vida e, por último, desexara que aquela moeda se convertese nun tesouro

por se me fallaba algunha das outras dúas peticións. Nesta hora, polo visto, o único contrato que serve é o que asinara aquel mesmo día a primeira hora da mañá cos entes, seres ou como se chamen, que rexen os destinos administrativos.

Quédame contarvos que tamén se me comunicaba no escrito que dispuña do prazo dun mes para presentar as alegacións que considerase oportunas na miña defensa, e reservaban para o derradeiro parágrafo unha sorte de pílora que en apenas catro liñas contiña comprimido un arrepiante relato de terror:

»De resultar probados estes feitos, e unha vez resoltos os recursos previstos na lei, a sanción contemplada no Regulamento de réxime interior dispón o despido inmediato, sen prexuízo de que se lle reclamen os haberes íntegros desde a data da primeira falta, así como a contía dos danos infrinxidos á institución, tanto morais coma en quebrantos ou desperfectos que puidese causar nas obras ou no mobiliario do museo».

Estaredes comigo se vos digo que estes textos deben ser redactados por mentes retorcidas e sen escrúpulos coa intención de aloular e acurrular a vítima ata facela sentirse culpable dun crime cometido no outro lado do mundo un par

de horas antes. Ao repasar a listaxe de acusacións eu recoñecía moitos dos feitos, pero pensaba que non eran tales delitos, nin, se o fosen, eran tan graves nin, por suposto, merecentes de torturas tan desapiadadas. Como moito, non sei o que pensaredes vosoutros cando volos dea a coñecer, serían negligencias leves, pouco máis ca picaraxadas.

Cando cometera aquelas faltas, que foran, por certo, bastantes máis das que dicían os papeis, eu non era consciente do dano que dicían que causaba. Con aqueles xogos só pretendía pór algo de prebe nas visitas guiadas que tanto aborrecía a maioría dos estudantes obrigados polos seus profesores, moitos de vós sabédelo coma min, a entrar á forza neste e noutros museos.

Dicídeme senón que pode ter de malo asegurar diante do retrato de *Santa Águeda* pintado por Luca Giordano que o peito que ten fendido non é máis ca unha tatuaxe feita adrede por ela mesma para abrandar os verdugos que a querían axustizar; ou asegurarlle, como fixen, a un grupo de novicias de xa non lembro que orde que a marca que se lle ve na fronte á imaxe de *Santa Rita de Casia* é en realidade o sitio onde lle naceu espontaneamente un corno. Como



daquela a cirurxía non era moi alá, expliqueilles ás monxas novatas, a operación de extirparllo foi pouco afortunada e por iso lle quedou a chaga así á vista. Que culpa teño eu de que a propaganda interesada dese en dicir que aquel buratiño na fronte era o sinal inequívoco que lle deixara unha espiña como consecuencia do desexo da santa de sufrir os mesmos tormentos ca Xesús Cristo!

Outra vez díxenlle a un grupo de viúvas que o embarazo da muller axeonllada representada na *Ofrenda a san Ramón* de Francisco Asorey é aparente, psicolóxico; aire ou fume, nunca feto. Que o que lle pasou á pobre muller é que de tanto pedirllle un fillo ao san Ramón Nonato, o santo, por sacala diante, acabou concedéndolle un sucedáneo de preñez e así librouse das rogacións da muller durante os nove meses que dura un embarazo cumprido.

A que se armou! Chamáronme ateo, sacrílego, impío, irreverente, pecador e outras peores. Neste caso o meu fallo foi non lles preguntar ás señoras de onde eran. Resultou que viñan de Vilalba onde teñen o san Ramón Nonato de patrón e por pai infalible, putativo xa ora, de moitos dos pícaros que nacen por alí.

Seica tamén falei máis do debido diante dun retrato da raíña Sabela II que hai nunha das salas do museo. Recoñezo que o fixen pero neste caso dixen a verdade. Só me faltaba chamarme tamén á culpa da vida alegre da señora!

Contei como unha vez, regresando a raíña co seu séquito desde Lugo cara a Madrid, era o día 14 de setembro de 1858 pola tarde, tivo que facer parada de urxencia no Mesón de Herbón que está no concello das Nogais. Uns dixeron que a parada fora forzada por medo a un atentado planeado polo carlista Francisco Taboada, señor da Casa de Tor, e outros, aos que eu lles daba máis creto, que o detemento fora por culpa dunha repentina dor nunha das moas da soberana. Buscou con urxencia un dentista, que non había na comarca, e só se conseguiu dar co curandeiro de Viladicinte, chamado Luis Antonio Becerra Chao, ao que conduciron decontado á beira da dama.

Polo visto, o tal Becerra sacoulle, ou amañoulle, a moa con tanto xeito que a raíña quedou encantada e tan contenta co servizo que levou o sacamoas Becerra canda ela para a corte. Agasalouno e deulle títulos e outras prebendas, e ata o invitou a que lle quentase a cama varias veces

coa desculpa dunha inchazón repentina nas xenxivas ou por quedárenlle tras a cea restos de carniza entre os dentes.

Do tal Becerra, único curandeiro do mundo co título de Cabaleiro da Real Orde de Isabel a Católica, tamén había daquela dous retratos expostos no museo. En todos estes anos non me decatei da razón pola que foron parar ao almacén uns días despois de eu dicirlles isto a aqueles visitantes que resultaron pertencer a AMI, Asociación de Monárquicos Inmutables.

O que facía de portavoz, un tipo alto moi peiteado e cun bigotiño con forma de limacho, sorriu e logo preguntoume:

—Está vostede insinuando que a dignidade real cingue a cabeza dun bastardo?

Non lle souben responder. Tardei en reaccionar, pois eu era aínda novo e pouco versado en léxico de alcurnia, así que me perdín. Non entendía que podía facer unha coroa pousada nun bastardo, ou sexa, nun alzadeiro coma os que había en tempos nas cortes do gando para poñer a herba!

Aquela xente abandonou o museo decontado, e, polo que parece, uns días despois enviáronlles

unha queixa por escrito aos meus superiores, pondo na miña boca afirmacións que me emparentaban cos rexicidas máis sonados.

Entre outros descubrimentos sorprendentes estes monarquistas destaparon unha curiosa coincidencia na miña biografía que eu ignoraba. Meu pai naceu na mesma parroquia, en Lindín de Mondoñedo, que nacera un individuo chamado Francisco Otero González quen intentara matar en Madrid o rei Afonso XII, o 30 de decembro de 1879. O paisano do meu pai non tivo puntería e foi agarrotado o 14 de abril do ano seguinte pero quedaba probada, segundo a opinión destes sesudos investigadores, a maléfica influencia dos aires e augas lindegas no comportamento dos nativos daquela freguesía e dos seus descendentes.

Non vos quero amolar contándovos toda a restra de delitos dos que se me acusa. Só vos pido que agardedes uns minutos e que escoitedes o que me pasou hoxe, tamén hoxe, esta mesma mañá, un pouco despois de ler a carta que vos dixeran.

A iso das doce e media tiveran que atender a visita dun grupo de rapaces dun instituto da cidade. Como é doado de entender, non andaba

eu cos mellores ánimos. A miña cabeza íase unha e outra vez ao asunto da carta e probablemente lles dixen aos rapaces máis trapalladas das que en min son habituais. O profesor que os acompañaba, coñecémonos de vello, achegouse a min e discretamente insinuoume que podía ir descansar, que xa contiunaba el coa visita.

Sei que me precipitei, que me deixei levar por un arrebatado no que se mesturaron o odio e un desexo de vinganza irracional. Sei que non era o lugar e que nin o profesor nin os rapaces tiñan culpa de ningún dos meus males. Seino agora, daquela nin sequera reparei nesta nin noutra reflexión. Visitabamos a sala onde se atopa a obra da pintora Xulia Minguillón e, alí mesmo, diante do retrato de Cascarilla, un toliño que houbo en Lugo que se dedicaba a vender xornais polas rúas, botei a lingua a clareo.

A min este Cascarilla, Cascarilla a Pufo de mal nome, sempre se me pareceu a Pedro, o notificador de asuntos internos e, seguramente, esta semellanza foi a faísca que acendeu o meu rancor contra o mundo.

Cascarilla, comecei a dicirlles aos rapaces, foi un bocazas, e por lercho e lingoreteiro acabou decapitado. Xa sei que non menciona



este detalle Ánxel Fole cando fala del no seu *Cartafolio de Lugo*, e que a pintora lle puxo cabeza porque lle fixo o retrato antes de que o descabezaran, pero así foi.

Como non sabía ler sempre inventaba, ou iso se dicía, titulares de portada do xornal *El Progreso*, que era o que vendía, para atraer a atención da xente. Disque ninguén lle tomou a mal aquelas invencións, por moi avultadas que fosen as barbaridades que dixese, ata o día que lle deu por pregoar que o matachín do matadoiro municipal vendía carne de estraperlo nos baixos da súa casa. Foi a derradeira trola na boca de Cascarilla.

Á mañá seguinte media cidade andaba á busca da súa cabeza; o corpo atopárono ao alborrexar pousado nun banco do parque tapado cos xornais que ía vender aquel día.

Probablemente lles dei aos rapaces máis detalles escabrosos do asunto que agora non lembro, e supoño que, xunto co profesor, marcharon de onda min espantados. Cando recobrei o sentido da realidade, ou iso creo, estaba só, sentado no chan, na mesma sala, coas mans frías e o corpo enchoupado en suor. Ao erguerme mirei o retrato de Cascarilla. E alí estaba, xa decepado,



sen a cabeza nin o sorriso malicioso e desconfiado que tanto se asemellaba ao de Pedro, o notificador de asuntos internos.

Non podía crelo. O meu embuste convertera en real unha imaxe ilusoria. O pobre Cascarilla era agora vítima do meu fantasiar como antes o fora o matachín municipal das imputacións deste galopín. Claro que, cavilei atropelado, se Cascarilla pagara o seu atrevemento coa vida, tamén a min me podía pasar o mesmo. Un pre-saxio frío entaloume o pensamento; sempre, sempre se mata ao mensaxeiro. Non sabía que facer. Erraba sen rumbo entre dous mundos que non sabía distinguir.

Cando xa me daba por derrotado acordeime dos tres desexos que pedira aquel día de hai tanto tempo xunta ao pozo. Pensei que se me abandonaran a saúde e a sorte no traballo e na vida, ben podería cumprirse a terceira das miñas peticións. Polo menos aquela moeda que eu botara ao pozo podería medrar ou crír fillos e transformarse nun tesouro que me permitise fuxir e vivir doutra maneira nun lugar moi afastado, onde ninguén me recoñecese.

Corrín ao claustro e coma un poseso, coma se un demo íncubo me acabase de propoñer

algún acto indecente, ao pasar por onda a pía de auga bentita, agora seca e chea de po, metín os dedos da man dereita dentro dela e persig-neime. Logo achegueime ao pozo, tirei do manubrio con forza e fun enrodelando a corda na roldana ata que o caldeiro, polos moitos anos que leva metido na auga sen que ninguén o airee, se presentou enferruxado. Como o día non me era moi propicio dei en pensar que ao mellor o cu do balde rompera, ou que aburata- ra, e, se así fose, a moeda, aquel *peso* vello, extraviaríase nas entrañas do pozo.

O caldeiro, no entanto, aparentaba intacto, aínda que non se lle vía o fondo. E non se lle vía porque estaba acugulado por un vurullo de pelos e anacos de tea, todo revoltado e emporcado. Sen pensalo nin un só intre máis, agarrei os pelos aqueles coa man, saqueinos para fóra do cubo e fun apartando aquela pelánea mesta e enmarañada coma se levase centos de anos sen peitear nin rapar ata que, á fin, descubrí- unha faciana. Era a cara do bocalán de Pedro (perdón, quero dicir do bocalán de Cascarilla), coa pel pálida e engurrada pero cos ollos rega- lados coma espellos posuídos pola imaxe do medo. Supoño eu que cando o matachín lle

puxo diante dos fociños o coitelo listo para liquidalo, a Cascarilla non lle deu tempo nin a apartar a vista.

Guindei a cabeza no caldeiro e deixeiño bandeando polo pozo abaixo. Logo subín ata a sala onde estaba o retrato de Cascarilla por ver se lle volvera ou non a cabeza, co desexo de que todo fose un pesadelo ancorado na miña desesperación.

Pero o retrato seguía igual ca antes, o corpo ata o pescozo coa chaqueta e o gabán, cos xornais debaixo do brazo dereito, sen a cabeza e, obviamente, tamén sen a boina. E así debe estar aínda, como o debe estar a súa cabeza dentro do caldeiro aló no fondal do pozo, agás que alguén a roubase ou que todo isto sexa un soño.

Só vos pido, agora que o sabedes case todo, que me aconselledes e que me respondades, se é que está na vosa man: Chamo os meus superiores para que vaian ao pozo e comprobén eles mesmos o que hai, ou calo para que non me acusen tamén da degolación de Cascarilla?

Falade! Dicídeme algo, por favor!

*Noticia dos
autores*

Marilar Aleixandre (Madrid, 1947)

Nacín en Madrid nuns anos en que aínda había máis persoas que coches, ao revés que agora. Porén as miñas primeiras lembranzas son de Ceuta e de Doña Mencía, unha vila cordobesa onde naceu meu pai. En Ceuta vivía nunha casa con xardín, horta e unha tartaruga, así que foi un gran cambio ir para Madrid. Aos oito anos era a máis vella de seis irmáns e sobrevivira a nove mudanzas. En Madrid estudei Bioloxía e participei na resistencia clandestina contra o franquismo, afeccioneime aos tebeos, á música de rock e a andar en moto. Despois fixen autostop por Europa para asistir a concertos, escoitando a Jimi Hendrix ou *The Who*. Vin para Galicia en 1973, son profesora na Universidade de Santiago de Compostela e escribo novelas para idades diversas, poesía ou guións de cómic. Algúns dos meus libros para rapazas e rapaces son *A expedición do Pacífico* (1994), premios Merlín e da Crítica, *A banda sen futuro* (1999), premio Lazarillo, *A vaca de Fisterra* (2003) e *O monstro da chuvia* (2003). Tamén escribín artigos sobre a aprendizaxe das ciencias, como sete sobre a marea negra do *Prestige* nas escolas galegas.

Fina Casalderrey (Xeve, Pontevedra, 1951)

A miña infancia desenvolveuse entre Xeve e Lárez. Non nacín nun pazo e, de nena, nin tan sequera tiñamos biblioteca no barrio. ¡Imaxínade no colexio ou na casa! Non pasei fame de xurelos, nin de cariño, nin de contos. Si pasei fame de libros, aínda que os que gozaba ás agachadas tiñan sabor a larpeiradas. Unha das miñas obrigas era carrexar auga da fonte de tres canos do Gramal, que alimentaba o lavadoiro. Cando ía ao anoitecer, vía vellas malvadas nas silveiras do camiño que daba ao río. Tamén chamabamos río ao lavadoiro. Os luns estaba ateigado de lavadeiras de oficio que entretíñan as frieiras facendo chacota das prendas íntimas: “mirade as bragas da miña señorita”. A min gustábanme os seus contos politicamente incorrectos.

Da escola, o máis fermoso que recordo é aquela caixa de botelliñas con tintas de cores, os recreos xogando na estrada, algunhas historias que están na Biblia... Cando rematei o bacharelato, meus pais deixáronme decidir: ¿queres coser ou facer maxisterio? Decidinme por isto último e aí sigo. O día que cheguei á miña primeira escola chorei e, o día que houben de marchar, chorei aínda máis.

Dende o cuarto no que adoito escribir vese o Mosteiro de Lárez, alá no alto. Nos días grises vólvese unha nube de pedra e nos días azuis semella un peixe na crista dunha onda. Ao

fondo adivíñase o río. Encántame recitar poemas, aínda que non os escribise eu. Gústame ler e descubrín que escribir ata me permite tocar o piano aínda que non saiba. Ás veces, préstame mesturar vivencias e soños e crear historias. Outras das miñas afeccións son o teatro, a investigación etnográfica...

E se é certa a afirmación de que nos marcan as nosas circunstancias, que estamos feitos do que lembramos, intúo que estas cousas inflúen na miña maneira de escribir.

Javier Huerga García (A Coruña, 1974)

Son licenciado en Belas Artes, especialidade de pintura, pola Facultade de Pontevedra, e Máster en Creación e Comunicación Dixital pola Universidade da Coruña. Participei en mostras colectivas de pintura e gravado. Profesionalmente nos últimos anos estou dedicado a campos coma o deseño gráfico e a animación dixital.

Xosé A. Neira Cruz (Compostela, 1968)

Son xornalista, escritor e profesor na Facultade de Ciencias da Comunicación da Universidade de Santiago de Compostela. En 1988 deime a coñecer como escritor ao acadar o premio Merlín 1988, galardón que volvería a gañar no ano 2000. O premio O Barco de Vapor (nas edicións de 1997 e 1999), o premio Raíña Lupa de 2002 e o premio Lazarillo de 2004 sinalan a miña traxectoria como narrador, cultivada en máis de vinte obras publicadas. Entre 2000 e 2004 fun membro do Comité Executivo de IBBY e presidente do xurado internacional do Premio IBBY Asahi Reading Promotion. Desde 2003 son director da área infantil e xuvenil de Editorial Galaxia.

Antonio Reigosa (Zozán, Mondoñedo, 1958)

Traballo no Museo Provincial de Lugo desde 1982. Son membro de Chaira, xunto a X. Cuba, M. Salvador e O. Carnero, grupo de investigación etnográfica dedicado a traballos de recompilación, investigación e divulgación de literatura oral coma *Polavila na Pontenova*, *Lendas, contos e romances* e o recentemente publicado *Da fala dos brañegos. Literatura oral do concello de Abadín*. O outro tempo dedícollo a escribir libros, uns en colaboración con Xoán R. Cuba e Xosé Miranda coma o *Diccionario dos seres míticos galegos*, *Contos colorados*, *Narracións eróticas da tradición oral*, *Pequena mitoloxía de Galicia*, ou a colección de doce tomos dedicada aos contos galegos de tradición oral chamada *Cabalo buligán*. Con Xosé Miranda escribín *Cando os animais falaban*, *Cen historias daquel tempo* e o primeiro número da colección “Lendas de Galicia” que leva

por título *Arrepíos e outros medos. Historias galegas de fantasmas e de terror*. En solitario son autor de *Memorias dun raposo*, *Resalgario*, *O galo avisado e o raposo trampulleiro* e *Bacoriño*. Tiven a sorte de recibir premios coma o Facho 1989, o Merlín 1998 e o Raíña Lupa 2001.





Índice

Presentación

Antón Bao Abelleira	6
Aurelia Balseiro García	8

Rutas literarias polo museo

Departamento de Didáctica	11
---------------------------	----

O botón encarnado

Marilar Aleixandre	19
--------------------	----

Sangue de gato negro

Fina Casalderrey	45
------------------	----

O anel dos destinos cruzados

Xosé A. Neira Cruz	73
--------------------	----

O pozo dos desexos

Antonio Reigosa	105
-----------------	-----

Noticia dos autores

123

2009

Esta 2.^a edición *de Contos de medo no museo* rematouse de imprimir entre os días 17 de maio, Día das Letras Galegas, e 18 de maio de 2009, Día Internacional dos Museos.